

VIÑO. Xornada de análise sobre a incidencia do cambio climático no viñedo ▶ 10 e 11

IMPOSTOS. Accións contra unha fiscalización excesiva das axudas de incorporación ▶ 13



Campaña da Plataforma contra as Fumigacións
Os partidos políticos do Parlamento de Galiza únense ao rexeitamento do glifosato ▶ 23

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLII - Nº 312 - Maio-Xuño 2016

O SECTOR LÁCTEO EUROPEO QUERE CONTROLES SOBRE A PRODUCCIÓN ▶ 4 a 7



A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, defendeu nunha audiencia do Parlamento Europeo medidas valentes e realmente eficaces para sacar ao sector lácteo da súa crise; fronte ás políticas erráticas desenvoltas pola Comisión de Agricultura que están a ser un auténtico fracaso, algo que xa recoñecen o meirande das institucións comunitarias, como o presidente da CE, Jean Claude Juncker.

Isabel Vilalba participou no hearing invitada pola eurodeputada Lidia Senra e como representante da Coordinadora Europea da Vía Campesina

AICA.

Reunión de traballo co director da Axencia de Información e Control Alimentarios para investigar a venda a perdas de leite na Galiza ▶ 8

TERRA.

O SLG participa nunha campaña estatal por un reparto xusto da terra e para denunciar as diversas formas de acaparamento ▶ 24 e 25

EMPREGO AGRARIO.

Os gobernos de Feijóo saldan coa destrución do 35% dos postos de traballo agrícolas, gandeiros e forestais ▶ 21



ENCONTRO MEDIO RURAL-SLG ▶ 7, 11, 12, 13, 17



Xuntanza con Belén Docampo para tratar cuestións como as crises do leite e dos coellos, as axudas de incorporación e da PAC, os ataques da fauna salvaxe ou os danos polas choivas na Limia

séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

facebook

e

twitter

A Comisión Europea acaba de aprobar unha prórroga de 18 meses máis para o uso do glifosato, herbicida do que se venden arredor de 15 millóns de litros cada ano no Estado Español cuxa autorización na UE expiraba a finais de xuño. Aínda que a Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (IARC), dependente da Organización Mundial da Saúde (OMS) elevou en 2015 o risco canceríxeno do glifosato á categoría "2A-Probablemente canceríxeno para humanos", e malia aos estudos que demostran que a maioría da poboación ten restos deste veneno no organismo, as grandes corporacións conseguiron *in extremis* que poda seguir comercializándose.

Cómpre dicir que miles de litros de glifosato son liberados ao medio ambiente pola propia Administración Pública que, en vez de rozar, decide sulfatar as beiras dos estradas e demais vías de comunicación, arredores de edificios e mesmo parques públicos. Arrepía ver o tren da Administración de Estruturas Ferroviarias (ADIF), por exemplo, fumigando con miles de litros as marxes dos camiños de ferro galegos; miles de litros que chegan aos ríos, encoros, traídas de auga, terras de cultivo...

Por outra banda, está a perversión do sistema alimentario actual, no que a gran distribución e a industria impoñen métodos intensivos e prezos miserables cos que resulta imposible cubrir os custos de produción. Trátase dun modelo baseado na explotación da persoas; na contaminación; en procesos que fan que a comida teña cada día máis residuos de pesticidas, herbicidas, fertilizantes de síntese... Supermercados e industrias queren ter alimentos e sóbralles as persoas agricultoras, apostan por realizar custosas campañas de propaganda para enganar ás persoas consumidoras, pero non por pagar o necesario para ter realmente un alimento saudable.

As deputacións, a Xunta, ADIF, o Goberno Español e a propia Comisión Euro-

EDITORIAL

Glifosato no organismo humano

pea, entre o principio de precaución ou un produto "probablemente canceríxeno", optan por este último. Contrariamente ao que se di popularmente, a saúde si que ten prezo, e na nosa sociedade véndese ben barata.

No pasado mes de abril, 48 persoas eurodeputadas de 13 países diferentes da Unión Europea, entre @s que estaba a compañeira **Lidia Senra**, ofrecéronse a tomar mostras de ouriños para saber se había rastros de glifosato. De acordo coa proba ELISA, do **Laboratorio BioCheck** de Alemaña, «todas as persoas participantes excretaron glifosato a través dos ouriños». O Partido Verde do Parlamento Europeo amosou nun comunicado de prensa os datos da súa proba: de media, @s eurodeputad@s tiñan 1,7 microgramos/litro de glifosato nos ouriños, unha cantidade 17 veces superior á normativa da auga potable europea (0,1 microgramos / litro).

Entre as 48 participantes, as persoas de Bélxica, Francia e Alemaña representaban máis do 80% do total. A proba amosou que

@s europarlamentari@s do Estado Español, Lituania e Croacia son as que maiores concentracións teñen nos seus organismos, e @s participantes de Italia, Finlandia e Irlanda, as máis baixas.

Esta proba inspirouse nun estudo alemán chamado **Urinale 2015**, que amosou concentracións de glifosato nos ouriños de 2.000 participantes, e demostrou que o 99,6% da xente que participou no estudo tiña niveis máis altos de residuos de glifosato que o valor máximo admitido na auga.

A **Plataforma Fumigacións NON**, da que forma parte o Sindicato Labrego Galego, retomou esta primavera a campaña Libres de Glifosato, que ten como obxectivo que as administracións públicas deixen de utilizar este herbicida en espazos públicos dos que son competentes, substituíndoo polo rozado mecánico ou outras alternativas. Se desexas máis información desta campaña, podes obtela no seguinte enderezo: **www.fumigacionsnon.org** ou no local do SLG da túa comarca.

Miguel Porta Serra, médico e investigador, catedrático de Medicina Preventiva e Saúde Pública na Universidade Autónoma de Barcelona e coautor do libro *Nuestra contaminación interna*, sinala a anormalidade de que a totalidade das nenas e dos nenos teñan praguicidas no organismo. Nas nosas sociedades hai máis de 140.000 substancias químicas artificiais, das que aproximadamente 1.500 –só un 1,1%– foron avaliadas para saber se son canceríxenas, tóxicas para a reprodución ou disruptores endócrinos. O doutor Miguel Porta destaca a importancia de realizar políticas potentes na defensa da calidade dos alimentos, da auga e do aire.



Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Margarida Prieto Ledo, Mónica Branco, Daniel Rodicio, Isabel Vilalba Seivane, Lara Barros, Xosé Manuel Parente, Ramón Barreiro Carnota, Ana Eiras e Vera Cruz Montoto.

PECHE DE EDICIÓN 01-07-2016

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praça Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent. E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 986 718 526

Durante a segunda fin de semana de maio, celebrouse en Beire (Navarra) un encontro ao redor da xestión comunal e baixo o título “*Pondo en común os comúns*”. O evento estivo organizado pola Fundación Entretantos, e contou coa colaboración do Goberno de Navarra e Iniciativas Comunales.

Os comunais forman parte esencial da historia do territorio navarro, e a esa experiencia sumáronse voces dos nosos montes en man común, dos montes de socios e socias de Soria, ou as comunidades de rego andaluzas. O obxectivo de xuntar estas experiencias foi integrar e confrontar aos comunais tradicionais, aqueles que levan séculos de traxectoria, con algunhas experiencias e reflexións sobre a xestión de bens comúns que están florecendo nos últimos tempos: grupos de crianza, hortos comunitarios, grupos de consumo, cooperativas de enerxía ou de crédito, etc. que tanto no mundo urbano como no rural nacen cunha clara vocación de transformación social.

Segundo á teórica Elinor Ostrom, que fixo unha síntese das prácticas comunitarias existentes, o comunal é un sistema de xestión sostible dun recurso en base a uns principios definidos pola comunidade e a unha gobernanza democrática. Implica a existencia duns límites claramente definidos, unhas regras de uso adaptadas ás condicións locais, a participación directa das persoas na toma de decisións, mecanismos de sanción e control, acordos colectivos, etc. É dicir, unha comunidade, un recurso e unhas normas, que se conxugan nun réxime de autoxestión organizado. Os bens comúns naturais en si non existen; sono en tanto que hai normas acordadas por unha comunidade, un sistema de gobernanza, que permite conceptualizalos e xestionalos. É común todo aquilo que colectivamente decidamos xestionar como tal.

Os comunais tradicionais serven como modelos de xestión dun ben común para a supervivencia propia e da comunidade. Neste momento, no que o capitalismo está provocando problemas graves de insostenibilidade e pondo en risco a supervivencia, os comunais volven evidenciarse como alternativas de xestión con capacidade para mellorar a situación actual. E salientan a necesidade de frear o egoísmo para podermos sobrevivir e garantir a distribución dos recursos.

O pasado ensínanos a bailar o futuro

— por Lara Barros

Neste sentido, os comunais supoñen unha reserva de gobernanza e coñecemento tradicional, unha escola de xestión colectiva e horizontal da que tantas aprendizaxes precisamos sacar nuns tempos nos que o público está cada vez máis secuestrado por intereses ben alleos ao ben común.

As escolas son diversas e están vivas. No noso país temos, por exemplo, as confrarías

dade veciñal segue existindo e, en moitos casos, loitando por reproducirse e manter unha xestión sostible do recurso e das economías locais.

Que temos que aprender destas escolas de futuro? Como podemos comunalizar espazos colonizados polos intereses privados? Que nos é común? A enerxía, a saúde, o consumo, certas infraestruturas comunitarias... E os coidados? Non son tamén un


ben común? Se poñemos a vida no centro, non é a economía dos coidados, esa gran invisible que soportan as mulleres en pleno desamparo, o grande reto para obter unha sociedade máis sa, xusta e equitativa?

Cada vez hai máis voces e experiencias que reclaman outro espello no que mirarse, alternativo á rebelaxe capitalista da competencia e do individualismo. O comunal dános esoutra mirada, coa complexidade e a flexibilidade que o levou a perdurar no tempo. O comunal parte das diferencias e da diversidade propias dos escenarios locais e está

afeito a modificar aquelas que requiren modificacións debido a cambios nas circunstancias. O esencial é transferir a responsabilidade, devolver gobernanza á xente.

A importancia do traballo nos comúns como espazo de xeración de novos suxeitos políticos empoderados é a clave. Os retos e os debates non son poucos: establecer a fronteira entre o comunal e o público para que un espazo non menoscabe ao outro; mellorar os sistemas de participación e facilitar unha xestión plenamente colectiva e democrática, limando os xogos de poder imperantes; reforzar a voz e plena incorporación das mulleres; asentar as bases dos novos comúns de corte urbano, cun discurso máis desenvolto que os tradicionais pero con moito menos práctica e peso; etc.

De todo o falado no encontro, a grande conclusión é que a gobernanza dos comúns segue sendo un asunto central no debuxo do noso futuro como comunidades humanas e como comunidade global.



de marisqueo creadas polas mulleres que se adicaban a esta actividade nos anos 70, reproducindo un modelo de gobernanza e xestión colectiva, as traídas veciñais e, fundamentalmente, os montes en man común. O montes veciñais ocupan aproximadamente 600.000 hectáreas do noso territorio e supuxeron, dende hai séculos, un complemento imprescindible da produción agraria, pois deles extraíase o abono, neles pastoreábase, cultivábase cereal colectivamente (as estivadas), obtíñanse esquilmos, leña, etc. Deste xeito, os montes veciñais foron esenciais para unha agricultura con moi pouca base territorial pero con moi bos resultados e capacidade para innovar e reinventarse en base á terra.

As políticas agrarias e forestais romperon o cordón umbilical, en prol dunha explotación intensiva dos recursos e das persoas que deles viven, usurpando soberanía ás comunidades e transformando os usos e lóxicas produtivas. Pero a propie-

CRISE LEITEIRA ▶ Isabel Vilalba denunciou nunha audiencia do Parlamento Europeo a falla de resultados das accións emprendidas por Bruxelas para enfrontar a crise

A Comisión desoe o sector lácteo que clama por un control eficaz da produción

A secretaria xeral do SLG defendeu en nome da Coordinadora Europea da Vía Campesina un modelo sostible e resiliente

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, participou nunha audiencia (hearing) da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo (Bruselas), o 25 de maio, baixo o título “*Novas medidas de mercado excepcionais para limitar a produción leiteira*”. Fíxoo en representación da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), organización que foi invitada a proposta da eurodeputada galega, Lidia Senra, do grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL).

Na súa intervención, Isabel Vilalba criticou duramente as medidas contra a crise que está a desenvolver a Comisión Europea e defendeu o modelo leiteiro da ECVC, quedando ao final un sabor agri doce ao ver que, ao tempo que cada vez son máis as voces que reclaman que se controle a produción de leite, a CE segue teimando con accións que, como veremos, empeoran a crise máis que soluciónala.

✓ Acordo en que se debe controlar a produción

En efecto, nesta audiencia houbo unanimidade en recoñecer a necesidade de xestionar a oferta de leite a través de controles sobre a produción, tal e como veu defendendo sempre en solitario a Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), especialmente dende a fin do sistema de cotas. Así o admitiron os representantes do COPA e do COGECA, contrarios até agora a calquera

tipo de regulación; ou a European Milk Board (EMB), a Comisión e Parlamento europeos.

Aínda que isto podería parecer positivo a primeira vista, a audiencia en Bruxelas tamén serviu para constatar a falla de compromiso de todos estes axentes ao apostar, coa oposición da ECVC, por que ese control da produción sexa voluntario e opcional en cada país, en base ás medidas xa aprobadas en marzo pola Comisión Europea.

O fracaso desta acción xa podemos constatalo en que a produción segue aumentando, especialmente en países como Irlanda, Alemaña ou Holanda. No caso concreto do Estado Español, o Ministerio de Agricultura negouse a financiar a redución da oferta de leite, e a industria non amosou vontade de aplicala e mesmo puxo atrancos, como pedirlle un ditame ao respecto á Comisión Nacional do Mercado e



da Competencia, cando a propia Comisión Europea xa autorizou a excepcionalidade da medida.

Outra cuestión na que tamén houbo unanimidade é en que existe unha posición de dominio total das industrias e distribuidoras na cadea de valor do sector lácteo que non garante unhas marxes dignas para as granxas produtoras. Isabel Vilalba defen-

deu a necesidade de crear as bases para que haxa uns prezos mínimos dignos no sector, “*e non facelo*”, criticou a secretaria xeral do SLG, “*supón seguir mantendo a tremenda inxustiza de que boa parte dos gandeiros e gandeiras de Europa sigan a cobrar o leite a prezos por baixo dos custes de produción*”.

SEGUE ▶

A presente reportaxe está ilustrada con diversas imaxes da audiencia do Parlamento Europeo sobre o sector lácteo na que participaron Isabel Vilalba Seivane e a eurodeputada Lidia Senra. Todas as fotografías foron tomadas por Veracruz Montoto, agás a da páxina 7, referente ao encontro con Belén Docampo, realizada por Ana Eiras



Bruxelas admite o fracaso das medidas políticas adoptadas, pero teima en seguir aplicándolas

A Comisión Europea, a través do seu presidente, Jean-Claude Juncker, e do comisario de Agricultura, Paul Hogan, admitiu que se aplicaron todos os mecanismos de crise previstos e que non foron efectivos.

Para a CE, a situación do sector lácteo é “dramática”. Quedan lonxe as perspectivas triunfalistas que se nos daban dende a Comisión de Agricultura con respecto á fin do sistema de cotas, augurando que o libre aumento da produción sería absorbido sen problema polas exportacións, ao tempo que as organizacións que integramos a ECVC advertiamos que ía suceder xusto o que está acontecendo: un incremento descontrolado da oferta de leite que non responde a unha demanda real de consumo, co conseguinte afundimento dos prezos en orixe.

Na audiencia do Parlamento Europeo, Isabel Vilalba foi moi crítica coa actitude da Comisión Europea e denunciou o fracaso de todas as medidas anti-crise adoptadas até o momento. De seguido, explicamos brevemente as principais accións da CE no sector lácteo e para que están a servir:

1. Intervención pública e almacenamento privado: A primeira consiste en que a Unión Europea merca parte dos excedentes do sector a prezos de intervención (17-19 céntimos para o leite desnatado en po ou 25 céntimos para a manteiga). Inicialmente, aprobárase dobrar a cantidade destinada a intervención de 109.000 toneladas a

218.000. A cantidade ficou curta e, na sesión parlamentaria na que participou Isabel Vilalba, o comisario de Agricultura, Paul Hogan, anunciou que se incrementaría aínda máis a cantidade de leite para intervención, até 350.000 toneladas. Para o SLG e a ECVC, aumentar a compra pública de produtos lácteos non é solución porque os prezos de intervención aos que se adquire a manteiga e o leite en po son ruinosos. En canto ao almacenamento privado de manteiga, leite en po e queixos para retirar temporalmente excedentes do mercado durante uns meses, só adia o problema.

2. Baixada voluntaria da produción: A CE botou man do artigo 222 da Organización Común de Mercado (OCM) para permitir que organizacións de produtores e produtoras e cooperativas poñan en marcha controles da produción de maneira voluntaria. Está sendo un absoluto fracaso, pois países como Irlanda, Alemaña ou Holanda seguen a incrementar a súa produción ao tempo que noutras zonas europeas, como Galiza sen ir máis lonxe, as industrias ameazan con non recoller e impiden producir máis mentres asolagan o noso mercado con leite doutros países comunitarios.

3. Axudas compensatorias: Esta medida pode provocar unha seria distorsión do mercado. É indignante que se estea a subvencionar o sacrificio de vacas e o desmantelamento da produción leiteira en amplas

zonas de Europa, ao tempo que se permite que outras intensifiquen a súa actividade. No Estado Español, por riba, o Ministerio de Agricultura non financiará esta medida, pretendendo que sexa o propio sector quen o faga.

4. Aumentar exportacións: En canto á tentativa de destinar os excedentes lácteos á exportación, tamén supón someterse aos prezos ruinosos a que cotizan os produtos lácteos nos mercados internacionais, con valores semellantes aos de intervención. Ademais, tal e como veremos na seguinte páxina, a mellora nas vendas a terceiros países non abonda para dar saída aos excedentes europeos.

5. Paquete Lácteo: Con isto pretendeuse regular a cadea de valor do leite para evitar que as granxas vendan a perdas a través dun contrato sen valores de referencia e a negociación de prezos e volumes coas industrias a través das OPLs. E todo isto coa única garantía dun código de boas prácticas e a voluntariedade dos axentes do sector, algo semellante a pretender solucionar os danos da fauna salvaxe pedíndolle aos lobos que se fagan herbívoros. Cos prezos en orixe en caída libre e as industrias e distribuidoras exercendo a súa posición de dominio no mercado e perpetrando impunemente todo tipo de abusos, sobra dicir que esta medida fracasou dende o primeiro día da súa aplicación.

SEGUE ►

E mentres marean a perdiz, a crise vai a peor: aumenta a produción e seguen a caer os prezos

Os últimos datos coñecidos sobre o sector lácteo na Unión Europea, correspondentes ao mes de abril de 2016, amosan un panorama moi preocupante. No mercado comunitario cada vez hai máis leite, cun incremento do 7'2% no primeiro trimestre do ano (2'6 millóns de toneladas máis que no mesmo período de 2015). Como xa temos informado, este forte crecemento da produción concéntrase nuns poucos países: en xaneiro e febreiro, Holanda aumentou 330.000 toneladas, Alemaña 300.000, Polonia 140.000 e Irlanda 110.000; este último país foi o que máis aumentou en termos porcentuais, seguido de Chipre, Luxemburgo, Bélxica e Holanda.

A pesares de que tamén están a aumentar as exportacións de leite, con incrementos de até o 13% nas vendas a China, seguen a acumularse excedentes sen vender, nin sequera a través das compras por intervención pública. En marzo, eses excedentes roldaban as 350.000 toneladas. A consecuencia é que **os prezos sufriron en abril unha caída do 11'5%** con respecto ao mesmo mes de 2015, o que se traduciu nun **valor medio para o leite na UE de 27'62 céntimos/quilo, que baixou a 26'15 céntimos en maio**. “Se estes valores, que supoñen unha caída do 11% con respecto ao mesmo período do ano pasado, xa son moi baixos”, matiza Isabel Vilalba, “agrávanse ao ter aumentado os custos de produción nun 6'8 % e os enerxéticos en máis dun 9'1%”.

E mesmo ese prezo medio tan baixo é enganoso, pois na **Galiza hai máis de 500 granxas que venden o leite por baixo dos 20 céntimos** e unhas 2.000 que non superan os 25 céntimos. E o resultado deste nivel de prezos está á vista: **dende o último trimestre de 2014 até hoxe, pecharon na Galiza 900 explotacións lácteas**.

✓ **O 70% do leite mercado por intervención é de Holanda, Alemaña, Irlanda, Polonia e Bélxica**

Como xa vimos nas medidas anti-crise da CE, subiuse o límite da intervención pública a 350.000 toneladas. Ademais de ser unha medida que non serve, dados os prezos miserables a que se paga o leite intervindo e ao desbaldimento de recursos públicos que supón, mesmo pode agravar o problema. E é que, con esta acción, semella que se está a incentivar aos países que máis excedentes crean. De feito, o 70% do leite mercado pola intervención pública corresponde a excedentes de Alemaña, Irlanda, Bélxica, Polonia e Holanda.

Así, no contexto dunha forte crise, estase a desencadear unha auténtica **guerra comercial entre países comunitarios**, xa que mentres uns aproveitan a conxuntura para disparar a produción, noutros téntase sen moito éxito aplicar o artigo 222 da OCM, que permite pactar un con-



trol da oferta de leite a cooperativas e organizacións de produtores e produtoras. Mais, ¿que país vai producir menos voluntariamente cando outros se aproveitan para copar o mercado?

A política leiteira estase a substituír por unha competencia feroz e salvaxe entre países, con incrementos da produción desproporcionados nuns a costa da

ruína de miles de familias gandeiras noutros; e con países excedentarios que se lanzan a producir máis, metres outros deficitarios, como o Estado Español, asisten ao desmoronamento do tecido social e produtivo que depende do sector lácteo e importa cada vez máis leite de fóra para satisfacer a súa demanda de produtos lácteos.

Dende a ECVC defendemos un modelo produtivo sostible e resiliente

Dende a ECVC, defendemos un **control público da produción** en toda a Unión Europea que se adapte ás circunstancias de cada país: non se lle pode esixir o mesmo a Galiza, onde se coutou a capacidade de producir e se están a impoñer valores para o leite dos máis baixos de Europa; que a outros como Irlanda, Alemaña ou Holanda, que incrementaron de maneira desorbitada a súa produción para destinar boa parte do seu leite á exportación.

Ademais dese control público e obrigatorio da produción, tamén son precisas unha **cadea de valor na que estean garantidos uns prezos mínimos** que fagan rendible a produción leiteira, e unha negociación colectiva deses prezos en pé de igualdade para as partes negociadoras baseada en índices oficiais que fixen os custos de produción.

Tamén defendemos, dende a ECVC, unha política leiteira baseada nun **modelo produtivo sostible e resiliente**. A **sostibilidade** só se pode conseguir cunhas marxes de beneficio dignas garantidas en todos os elos da cadea de valor. En canto á **resilien-**

cia, que é a capacidade das granxas de facerse máis fortes diante das adversidades e da volatilidade dos mercados, só se pode acadar se, dende as institucións públicas e dende o propio sector se favorece un modelo produtivo cada vez menos dependente da compra de insumos externos, do financiamento a través da débeda e de sistemas de produción intensivos.

Na ECVC cremos que só este tipo de medidas sacarán ao sector lácteo europeo dunha das peores crises da súa historia. Seguir perdendo o tempo con accións inútiles e debates estériles que rara vez se traducen en accións concretas, como está a facer agora a Comisión Europea, supón seguir apostando pola ruína de boa parte do sector lácteo, a destrución de miles de postos de traballo e o desmantelamento da produción en amplas zonas de Europa. O peor de todo é que as medidas para enfrontar a crise dende Bruxelas, máis alá de non solucionar nada, poden agravar aínda máis a situación e agudizar a desigualdade no sector.

SEGUE ►

As propostas do SLG: un decálogo de medidas urxentes contra a crise do sector lácteo

A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, xunto con Adolfo Cabarcos, Ana Eiras e Mariano Pazos, da Executiva, mantiveron, no serán do 14 de xuño, un encontro coa directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Belén Docampo, e co subdirector xeral de Explotacións Agrarias, Nicasio Mejuto, para entregar un documento con dez medidas para o sector lácteo. Os puntos do documento foron os seguintes:

1. Recuperación urxente do prezo en orixe e aplicación real dunha cadea de valor sostible: O valor de compra fíxase a través da imposición unilateral de prezos pola industria, abusando da súa posición de dominio. A Administración debe garantir o cumprimento da legalidade vixente e acabar con estas prácticas abusivas, asegurando unha marxe sostible para as persoas produtoras, coa aplicación obrigatoria de fórmulas e índices obxectivos que aseguren esta marxe, e garantías de cumprimento. Insistimos na necesidade de aplicar unha mediación pública nos contratos lácteos.

2. Plano de choque nas granxas que teñen os prezos máis baixos: Centos de granxas entréganlle o leite a primeiros compradores, algúns de base cooperativa, que están a pagar prezos moi inferiores á remuneración media no mercado, ás veces mesmo con impagos. Dende o SLG propoñemos que a Consellaría poña en marcha un plano de choque con diversas medidas: realizando unha análise da solvencia deses proxectos, axudando a recolocar as persoas produtoras noutras industrias, apoiando planos de viabilidade, facendo un apoio específico ás granxas afectadas, etc.

3. Estabilización do mercado do leite e redución de excedentes: Aínda que o SLG defende que a regulación da produción é imprescindible e que se

debe facer a escala europea, cómpre impulsar no propio sector produtor e industrial un programa global de medidas dirixidas a conter a produción. É preciso garantir a recollida de leite en todas as granxas, cunhas referencias de volumes e un prezo mínimo de acordo a unha cadea de valor sostible. Opcións como a entrega de leite para intervención ou para leite en po non deben aplicarse arbitrariamente a un número reducido de granxas, e si debería aplicarse aos incrementos sobre os volumes garantidos. Cómpre conseguir o compromiso da industria e da distribución de reducir as importacións de lácteos, e de non permitir que algunhas zonas ou granxas podan incrementar indiscriminadamente a produción -agudizando o problema dos prezos- mentres a outras ameázanas con non recoller. A Administración ten que estudar incentivos á diminución da produción.

4. Etiquetado obrigatorio da orixe do leite: O SLG propúxolle á Consellaría defender diante do Ministerio a obriga de etiquetar a orixe do leite no envase, medida rexeitada por Bruxelas pero que está a ser posta en práctica por países como Francia ou Italia, e que é esencial para que os consumidores e consumidoras poidan elixir o leite que mercan.

5. Incorporación de veterinarios/as oficiais nas fábricas: Medida para reforzar o seguimento público da normativa vixente para evitar a fraude de empresas que mercan a prezos de leite en po, para despois vender como leite líquido. Propuxemos a Medio Rural que asigne un/ha veterinario/a público/a en cada empresa para inspeccionar a procedencia de todo o que entra nas factorías (leite líquido e po, leite ou produtos lácteos importados, elaborados, etc.), así como o cumprimento da normativa.

6. Plano de inspección no transporte internacional de alimentos: O regulamento europeo 1972/2009 en materia de cabotaxe de transporte internacional esixe que o camión que realice o transporte debe ir con carga do país de orixe, e poden pedirse os datos dos servizos realizados os últimos 28 días. Actualmente, hai denuncias do propio sector do transporte por incumprimentos, polo que sería moi importante reforzar as inspeccións de cara a esixir o respecto da normativa a todos os niveis: transporte de alimentos refrixerados, de alimentación en xeral, cabotaxe, permisos de transporte internacional, etc.

7. Promoción de produtos lácteos saudables e reforzo da actuación contra a banalización do leite na distribución.

8. Liñas de axuda para proxectos de transformación de produtos lácteos que xeren valor engadido: Para permitir unha maior remuneración do leite en orixe cómpre apostar por produtos diferenciados como leite ecolóxico, pasteurizado, procedente de vacas alimentadas en pastos, iogur ou queixo en base a leite fresco fermentado e non en po, etc. Trátase de cubrir as demandas de calidade das persoas consumidoras e acadar un maior valor engadido e fidelización.

9. Apoio á sostibilidade das granxas: Programa obxectivable e medible de incremento da superficie agraria das granxas, de redución do seu nivel de endebedamento, de apoio á redución da compra de insumos, dun maior nivel de aproveitamento das forraxes propias, de apoio á produción ecolóxica e de desintensificación. Segundo algúns estudos, entre 2003 e 2015, os prezos dos pensos subiron máis dun 60%, os fertilizantes un 62% e a enerxía un 69%, tendencia que semella que vai continuar.

10. Política europea leiteira pública de regulación da produción e do mercado, e garantía dunha cadea de valor verdadeiramente sostible: O paquete leite e a regulación voluntaria da produción por parte das interprofesionais ou das organizacións de produtores fracasaron. Para o SLG, é imprescindible a regulación da produción a escala europea e que non sexan a industria e a distribución as que acaben condenando á desaparición as granxas que non lles interesen, impoñéndolles prezos ruinosos ou deixándolles de recoller. De acordo con isto, instamos a Medio Rural, como representante da comunidade que produce a metade de leite de España, que presione ao Ministerio de Agricultura a adoptar unha postura de Estado dentro da Unión Europea para defender estas medidas.

FIN ■



CADEA ALIMENTARIA ▶ Isabel Vilalba reuniuse co director da Axencia de Información e Control Alimentarios en Madrid para denunciar con probas a compra de leite a perdas

O SLG consegue o compromiso da AICA para fiscalizar a industria láctea galega

Tamén se lle dará traslado das denuncias á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para apoiar a investigación

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, xunto con Andoni García, da Executiva de COAG, mantiveron, o 9 de maio, un encontro en Madrid co director da Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA), José Miguel Herrero, para facilitarlle a documentación necesaria para que inicie unha investigación sobre a compra a perdas de leite ás granxas galegas no último ano. Ademais, Isabel e Andoni solicitaron do director da AICA que estudie a posibilidade de elevar a denuncia á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) e ás autoridades competentes da Xunta.

Dende o SLG, valoramos positivamente a receptividade desta institución, aínda que cremos que as accións que emprendan dentro das súas competencias a AICA e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) deben complementarse con medidas inmediatas por parte do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural, de xeito que haxa unha recuperación urxente dos prezos no sector lácteo que cubran os custos da actividade gandeira.

Dende o SLG e a COAG denunciámos diante de Herrero que se está a vulnerar totalmente a legalidade vixente e que se están a perpetrar unha serie de prácticas abusivas que causan a ruína das nosas granxas, con prezos que non responden nin ao que custa producir o leite nin ás cotizacións que se pagan nos mercados do entorno. Estamos a



Andoni García e Isabel Vilalba (esquerda) trasladáronlle a Herrero (dereita) os abusos na cadea de valor do leite na Galiza



falar de valores por debaixo dos custos de produción que chegan mesmo a baixar dos 20 céntimos por litro

Diante desta situación, pedímoslle á AICA que inicie con carácter inmediato unha investigación e se tomen medidas para rematar urxentemente con estas

prácticas abusivas, tanto pola súa banda como por parte da CNMC, no marco das súas respectivas competencias.

A resposta de Herrero foi que hai unha parte deste traballo que poden facer dende a AICA directamente (vixilancia do cumprimento da Lei da Cadea Alimen-

taria, seguimento e sanción); mentres que outras prácticas, como a posición de dominio e abuso, o pacto de prezos, etcétera, estarían no ámbito de actuación da CNMC, polo que lle darían traslado desta denuncia así como dos resultados das investigacións realizadas.

“Miles de granxas con prezos ruinosos cos que non se pode manter a actividade”


En palabras de Isabel Vilalba, “é imprescindible rematar coa impunidade destes abusos que están a levar miles de granxas á ruína. En setembro, o Ministerio de Agricultura presentoulle ao sector un acordo co que aseguraban que se ía garantir unha cadea de valor sostible e á marxe das persoas produtoras, nun acto no que a ministra escenificaba o compromiso, segundo ela histórico, que conseguira da industria e da distribución. Dende o SLG negámonos a asinar aquel acordo, porque nos parecía que non había garantías no prezo nin nos problemas fundamentais do sector. O único certo oito meses despois é que miles de granxas teñen prezos ruinosos cos que non se pode manter a actividade, sen que vexamos ningunha medida das autoridades competentes para solucionalo”.

A secretaria xeral do SLG matizou que, “aínda que cremos que a actuación da AICA e da Comisión Nacional da Competencia debería conseguir eses prezos equitativos que marca a lei, rematar coa po-

sición de dominio da industria e da distribución e do que é sen dúbida unha competencia desleal que está levando a moitas granxas á ruína; cremos que o sector precisa de maneira urxente medidas políticas que conduzan ao cese inmediato das prácticas extorsivas utilizadas para impoñer prezos artificialmente baixos que só benefician ás industrias e arruínan aos gandeiros e gandeiras.

A maiores, non entendemos que por parte do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural haxa constancia destes abusos e da imposición de prezos ruinosos e o sigan consentindo. Mesmo o empresario Jesús Lence chegou a poñer en dúbida que o leite que se estaba pagando para po a prezos miserables, fose realmente para esa fin. É urxente unha inmediata recuperación dos prezos até niveis de rendibilidade. Preocúpanos a pasividade e a inacción das institucións, pois están a desbaldar un tempo que o meirande das granxas non se poden permitir”.

SEGUIE ▶



O 77% das granxas galegas están a cobrar por baixo dos 29 céntimos e o 6% non chega a 20

Segundo datos da Consellaría de Medio Rural correspondentes a febreiro de 2016, o 77% das explotacións galegas percibiron un prezo polo litro de leite inferior aos 29 céntimos, e o 6% das mesmas por baixo dos 20 céntimos. Os últimos datos ofrecidos polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) empeoran esta tendencia: do prezo medio de xaneiro en Galiza (0'288 €) pasamos aos 0'273 € de maio, polo que o valor do leite en orixe segue baixando a pesares de acordos lácteos e demais medidas que, está visto, non serven para solucionar a crise.

Por outra banda, segundo os resultados técnico-económicos do Estudo de Custes e Rendidas das Explotacións Agrarias (ECREA) do Ministerio de Agricultura, para Galiza en 2014 (últimos datos dispoñibles), os custes de produción para explotacións lácteas situáronse en 0'4315€/litro. Este valor situouse en 0'4748 €/litro en 2013 e en 0'4178 €/litro en 2012.

Outros estudos oficiais, como a análise descritiva da cadea de valor do leite UHT encargado pola Interprofesional Láctea (INLAC),

publicado en febreiro de 2016, sitúan os custes de produción nas explotacións entre 0,338-0,395 €/l.

Trala eliminación do sistema de cotas, as explotacións de Galiza e o resto da Cornixa

Cantábrica (que producen máis do 60% do leite no Estado e, en moitos casos, atópanse situadas en zonas de difícil acceso e afastadas dos núcleos de consumo), quedaron a mercé do poder da industria de transformación, poder que exercen abusivamente na imposición de condicións contractuais, especialmente as referidas ao prezo, para recoller un produto altamente perecedeiro como é o leite.

Mesmo houbo casos nos que as industrias recorreron a técnicas de extorsión mediante as cales ameazan ás granxas coa non recollida do leite ao tempo que se lles entrega o contacto doutras empresas para que negocien con elas. É dicir, determinadas industrias abandonan rotas de recollida cando os gandeiros e gandeiras tratan de negociar o prezo do seu produto e, durante a negociación, reconducen eses produtores e produtoras cara a novas industrias que recollen o leite a un prezo inferior ao ofertado pola primeira empresa.

FIN ■

A Lei de Defensa da Competencia considera delicto os abusos da industria

Para o Sindicato Labrego, a fixación do prezo de compra realízase abusando da posición de dominio que posúe a industria láctea, polo carácter altamente perecedeiro do produto, pola eliminación das cotas lácteas e a liberación do sector e sen repercusión nin beneficio para os consumidores e consumidoras, que non viron melloras derivadas das caídas de prezo en orixe. Polo tanto, na nosa petición á AICA, demandamos a aplicación da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia, e a imposición de sancións polas infraccións moi graves recollidas no artigo 62, apartado 4, letra b, que di:

1. Queda prohibida a explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio en todo o en en parte do mercado nacional.

2. O abuso poderá consistir, en particular, en:

a) A imposición, de forma directa ou indirecta, de prezos ou outras condicións comerciais ou de servizos non equitativos.

Polo tanto, a lei fai referencia expresa á prohibición do abuso da posición dominante dun comprador á hora de imporlle o prezo de compra, de maneira directa ou indirecta, ao seu fornecedor. É dicir, a fixación dun prezo non equitativo abusando dunha posición de dominio no mercado de compra está prohibida pola Lei de Defensa da Competencia.

VIÑO ▶ O SLG e a COAG, coa colaboración da Fundación Biodiversidade, organizaron un encontro para abordar as estratexias de adaptación da vide ao quecemento global

Xornada en Castrelo para analizar a influencia do cambio climático no viñado

Os estudos afirman que as denominacións de orixe galegas están entre as que sufrirán un impacto menor por este motivo no Estado

O Sindicato Labrego Galego e a COAG, co apoio do Ministerio de Agricultura a través da Fundación Biodiversidade, organizaron unha xornada formativa en Castrelo de Miño (Ourense) sobre a influencia do cambio climático no cultivo do viñado. Celebrouse o 6 de maio e o encargado de impartila foi o responsable técnico de COAG e investigador do Centro de Estudos e Investigación para a Xestión de Riscos Agrarios e Medioambientais (CEIGRAM), Pablo Resco.

Resco analizou a incidencia do cambio climático no viñado galego en relación a parámetros que -como a pluviosidade, o aumento das temperaturas ou a menor incidencia das xeadas- son determinantes para os rendementos e maduración da viña. O técnico agrario explicou que, segundo o informe da COAG "Cambio climático e viñado no Estado Español", as denominacións de orixe galegas están entre as que precisarán unha menor intervención polo cambio climático, que mesmo pode ter efectos positivos, xa que o aumento das temperaturas reduce as limitacións térmicas para que madure un maior número de variedades de uva, especialmente tintas.

Así e todo, o informe advirte que "isto sería especialmente favorable se non se superan os límites das variedades que se cultivan actualmente, como podería acontecer nunha das denominacións de orixe máis cálidas do norte peninsular como é a do Ribeiro".

Noutras denominacións de orixe costeiras con contrastes



Unha trintena de persoas participaron na xornada organizada polo SLG en Castrelo

térmicos máis suaves, como Rías Baixas, co aumento do período activo da vide polo quecemento do clima "poden xurdir algúns

problemas coas temperaturas nocturnas, mesmo nos mellores escenarios, e é aí onde as necesidades de intervención deberían

ser máis altas. Estas temperaturas poderían sobrepasar certos niveis e, polo tanto, afectar á calidade dos viños".

En liñas xerais, o estudo de COAG afirma que o aumento das temperaturas medias pode ocasionar un alongamento do ciclo vital activo da planta e mesmo unha mellora de calidade na uva naquelas zonas onde fose habitual unha alta acidez por falta de maduración; aínda que unhas temperaturas excesivamente altas na época en que maduran os acios tamén poden ter efectos negativos na calidade ao ocasionar un exceso de madurez e azucre na uva. Outros efectos positivos, como o descenso no número e intensidade das xeadas, teñen o seu lado negativo en aspectos como as perdas de calidade e rendimento por golpes de calor.

Do manexo do solo á rega: medidas para adaptar as vides ás variacións do clima

No informe de COAG, distínguense diversas medidas de adaptación do viñado ao cambio climático dependendo do prazo temporal de execución que teñan. As que teñen que ver propiamente co cultivo da vide serían de medio e longo prazo

A **medio prazo**, as medidas baséanse máis na xestión do viñado de cara a adaptarse aos cambios do clima en factores como atenuar os efectos da radiación e das altas temperaturas nas follas e nos acios, ou anticiparse ao déficit hídrico.

Hai prácticas de cultivo que poden influír nisto último, como o manexo do solo e o desenvolvemento de cubertas vexetais ou laboreos mínimos para evitar a erosión diante de choivas fortes e diminuír a radiación da calor do solo. Tamén se poden contemplar cambios nos sistemas de poda, de alineación cara a orientacións leste-oeste ou o uso de mallas de sombreo para protexer os acios contra a insolación excesiva.

Outro factor que axudaría fronte ao estrés térmico sería o uso de sistemas de condución máis li-

bres fronte a sistemas de condución vertical e aliñada tipo espaldeira, moi estendido nos últimos anos. Por exemplo, os sistemas de vasos abertos ou os sistemas desparramados tipo *sprawl*, evitan unha excesiva exposición e o risco de sobremaduración dos acios. Aínda que os sistemas en vaso presentan problemas de mecanización, o que orixinaría perdas económicas, os desparramados si permitirían esa mecanización e axudaría a controlar os custos.

A rega tamén sería outra estratexia fundamental na xestión do viñado nas vindeiras décadas, tanto para evitar riscos de seca como para prever danos por vagas de calor.

As medidas a **longo prazo** inclúen, principalmente, a elección de variedades e portaenxertos adaptados ao exceso de insolación e temperatura e mesmo o cambio de localización dos viñedos, aínda que neste caso atoparíamnos problemas de viabilidade económica ou de adaptación á normativa das distintas DOs.

SEGUE ▶

Pablo Resco ▶ Técnico de COAG e investigador do CEIGRAM

Aproveitando a súa estadía en Galiza, o xornalista David González, do portal web Campo Galego, entrevistou a Pablo Resco, técnico agrario de COAG. De seguido, compartimos con vós as preguntas que estiveron centradas en Galiza. Se queredes ler a entrevista completa, podedes facelo a través do seguinte enlace en Internet: bit.ly/1s5DpE9

“Haberá menos xeadas e fungos pero máis danos por vagas de calor”

✓ **Galicia parece que sería unha das Comunidades nas que o cultivo da vide sairía beneficiado co cambio climático. En que medida?**

A viticultura baséase nun equilibrio entre a vide, o clima e o solo. Todas as zonas onde existe o cultivo terán que adaptarse ás novas condicións, aínda que en comparacións relativas as dificultades que pode afrontar Galiza serán menores segundo as zonas. Non hai que esquecer que existen moitos microclimas, sobre todo en zonas cunha orografía complicada como en Galiza.

En xeral, poderemos ver que, climaticamente, o número de zonas aptas para o cultivo do viño aumentará en Galiza, o cal pode traer dificultades comerciais se se incrementa a produción. Tamén descenderá o número de xeadas e o grao de humidade, o cal pode ser beneficioso para a calidade do cultivo.

O maior problema teríamolo no incremento da calor, sobre todo na época de maduración, o que podería afectar á calidade se non se toman medidas. É posible que a maduración se adiante e, canto máis curto sexa o ciclo, peor, xa que os incrementos de temperatura serán maiores nos meses estivais.

✓ **Con todo, as cinco denominacións de orixe galegas son moi diferentes en canto a climatoloxía. Hai datos ou estimacións no informe sobre como afectará o cambio climático a cada unha delas?**

Aínda que cada viño é un mundo, en principio os viños situados nas zonas

máis calorosas, como algúns de O Ribeiro, os viticultores e viticultoras deberán prestar moita atención para prever os efectos dun posible incremento dos danos por vagas de calor. Con todo, en xeral, todas terán que adaptarse para tentar conseguir prolongar os ciclos e que a maduración teña lugar en condicións de temperatura axeitadas.

✓ **Diante desta situación, ¿que medidas de carácter agronómico poden tomar os viticultores e as viticultoras?**

Haberá que estar moi atentos ás variedades actuais para ver como se comportan. Non existe información sobre moitas variedades e o seu comportamento

en condicións climáticas diferentes. Normalmente, o contar cun gran número de variedades locais será de gran axuda para enfrontarse ao novo clima. Seguir investigando con variedades e portaenxertos ou distintos sistemas de poda e cultivo é tamén moi importante.

Porén, sería posible ampliar tamén o número de variedades traendo de sitios máis cálidos ou de variedades distintas.

✓ **Cres que existe concienciación por parte das administracións do problema ao que nos enfrontamos na viticultura no Estado? Pregúntoo porque as reparticións de novas superficies de viño seguen primando as áreas máis afectadas no futuro polo cambio climático.**

Hai que ter en conta que o viño é un cultivo con períodos de amortización moi elevados, que require de grandes investimentos en campo e en adega, polo que calquera estratexia e plan de actuación ten que ter en conta a viabilidade a longo prazo. Por iso, é importante que se faga reflexión sobre o modelo de viticultura que temos e ao que nos diriximos en cada unha das zonas, coñecendo as futuras condicións ambientais e a dispoñibilidade dun recurso tan importante como é a auga. Esta reflexión tenos que servir para garantir a sustentabilidade ambiental e económica dun cultivo moi importante.

FIN ■

CEREAL E PATACA ▶ As choivas intensas botaron a perder parte da colleita

O SLG pide en Medio Rural a declaración da Limia como Zona de Emerxencia

As choivas desta primavera na Limia botaron a perder máis do 20% da colleita de millo e pataca e máis do 50% do cereal de inverno. A gravidade dos danos en concellos como Xinzo, Sandiás, Sarreaus, Porqueira, Vilar de Santos, Vilar de Barrio, Trasmiras ou Rairiz; e o impacto sobre as principais actividades económicas destes lugares; fai que sexa preciso valorar a declaración de zona de emerxencia e desenvolver un programa de actuación que mitigue os danos. Así llo explicamos á directora xeral de Gandaría e Agricultura da Xunta, Belén Docampo, na xuntanza mantida con ela o 14 de xuño.

Dende o SLG, tamén lle pedimos que se poña en marcha unha liña de apoios específicos para as explotacións afectadas: axudas directas compensatorias, subvencións para o refinanciamento, traballo para conseguir bonificacións como reducións nas cotas da Seguridade Social, rebaixas fiscais, etcétera.

Desta vez, fixémoslle ver a Docampo, do mesmo xeito que fixemos coas súas antecesoras, que os seguros agrarios non se adaptan ás necesidades de moitas das producións galegas, polo que é moi importante facer un diagnóstico de cales son as principais eivas destes programas de cobertura para conseguir un sistema máis eficaz.



Ademais de técnico agrario de COAG, Pablo Resco é investigador do Centro de Estudos e Investigación para a Xestión de Riscos Agrarios e Medioambientais

COELLOS ▶ A caída das vendas e os prezos baixos agravan aínda máis a situación do sector

O SLG propón a Medio Rural varias medidas contra a crise cunícola

Foi unha das cuestións tratadas no encontro coa directora xeral Belén Docampo

Na xuntanza mantida entre o SLG e a directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Belén Docampo, o 14 de xuño, trasladóuselle o empeoramento da situación insostible das persoas que viven na Galiza de producir coello. Actualmente, o prezo desta carne está totalmente banalizado, posto que as cadeas de distribución están a impor valores por baixo de 1,50 €/quilo cando os custos de produción superan os 1,80 €.

Neste contexto, o Sindicato Labrego Galego propúxolle a Belén Docampo varias medidas:

1. Recuperación urxente do prezo en orixe e aplicación real dunha cadea de valor sostible en base a índices obxectivos dos custos de produción e que sexa de aplicación obrigatoria e con garantías. Neste marco, contundencia contra as cadeas de distribución que obrigan a vender a perdas.

2. Frear a agresiva campaña dos grandes matadoiros que queren substituír centos de granxas por uns poucos macroproxectos integrados.

3. Promoción do consumo de coello como unha das carnes máis saudables que hai no mercado de cara a enfrontar a caída de consumo que hai deste alimento entre as xeracións máis novas.

4. Programa de axudas ás granxas: O SLG xa denunciou que as medidas anunciadas por Medio Rural son insuficientes e que debe facerse un programa de apoio máis ambicioso que, ademais de axudas, inclúa refinanciación de débeda, moratorias, bonificacións, etc. Comunidades como Valencia, con menos granxas que Galiza (150 fronte a 230), case dobran o orzamento (450.000 fronte a 250.000 €), e dan mellores axudas (na Galiza, un máximo de 3 € para as primeiras coellas e 2 € para o resto; en Valencia, 4 € por coella).

5. Apoio a proxectos de produción de coello ecolóxico: Permitiría obter un maior valor engadido e cubrir un nicho de mercado practicamente sen explotar.

6. Financiamento de proxectos de matadoiros de proximidade e crear un marco legal axeitado para ter **salas de despece caseiras** ou infraestruturas nas propias granxas que permitan aos produtores e produtoras comercializar directamente carne de coello.

Polo demais, dende o Sindicato Labrego Galego apoiamos unha concentración de protesta do sector que se levou a cabo o 17 de xuño en Madrid, diante do Ministerio de Agricultura, para esixir un plan de rescate urxente que evite a ruína de miles de familias en todo o Estado.



Produtores e produtoras de todo o Estado manifestáronse diante do Ministerio o 17 de xuño

www.agropelayo.com
96 110 77 80

NACE O FROITO DA UNIÓN DE DÚAS FORZAS.



Unha nova Compañía con vocación de líder e o pulo necesario para crear valor e calidade nos Seguros Agrarios.



IMPOSTOS ▶ Detectamos numerosos casos de mozos e mozas aos que lles reclaman un terzo da subvención e mesmo multas antes incluso de ter ingresado os cartos

O SLG pide a exención fiscal para as subvencións de incorporación ao agro

Mantivo contactos coa Axencia Tributaria e Medio Rural para denunciar anomalías nos impostos que gravan estas axudas

As axudas para a incorporación de xente nova á actividade agraria teñen como función apoiar o inicio na actividade profesional de mozos e mozas que apostan o seu futuro laboral a oficios relacionados coa agricultura ou a gandería. Trátase dunha liña de subvencións esencial para un agro perigosamente envellecido no que, segundo os últimos datos estatísticos publicados, correspondentes a 2013 para Galiza, o 60% dos e das profesionais superaban os 60 anos de idade, o 35% tiña entre 40 e 60 anos, e tan só o 5% era menor de 40.

Sen embargo, o que debía ser un estímulo para apoiar a incorporación de xente moza á agricultura, estase a converter nun viacrucis burocrático e impositivo no que as persoas beneficiarias deben enfrontarse a unha excesiva fiscalidade coa que chegan a perder até un terzo da axuda recibida e mesmo a ser multadas. E, por riba, estes abusos se agravan cunha disparidade de criterios na aplicación dos tributos que xera auténticas situacións de desigualdade no trato. De feito, hai casos nos que estas subvencións se trataron como axuda de capital (declaradas en función do capital amortizado cada ano) e noutros como incremento patrimonial (declaradas todo xunto, coma se fose un premio de lotaría). Tamén houbo situacións nas que á persoa beneficiaria se lle reclamou o imposto no mesmo exercicio no que se convocou a axuda, sen ter en conta que a



De esquerda a dereita: María Vieites, María Ferreiro, e a delegada especial da Axencia Tributaria en Galiza, Imelda Capote

certificación e o cobro da mesma se fai, na maioría dos casos, no ano seguinte.

Dende o Sindicato Labrego Galego, mantivemos nos últimos meses varios contactos con responsables da Axencia Tributaria, como a xuntanza na Coruña entre a delegada especial da AEAT en Galiza, Imelda Ca-

pote, e as técnicas do SLG María Ferreiro e María Vieites, para aclarar todas estas contradicións e abusos. As anomalías tamén foron postas en coñecemento da directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Belén Docampo, nun encontro mantida o 14 de xuño. E o mesmo

transmitiu Xosé Ramón Cendán na reunión do Comité de Seguimento do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) na Galiza, celebrado o 16 de xuño en Compostela, e ao que asistiron representantes do Ministerio e da Comisión Europea.

Nestes encontros, o Sindicato Labrego instou aos diferentes responsables de administracións a realizar diante dos ministerios de Agricultura e Facenda as xestións necesarias para que estas axudas, tan necesarias para o noso agro, fiquen exentas de tributar impostos, xa que fiscalizalas atenta contra o seu espírito de apoiar a incorporación de xente moza e créalles dificultades engadidas ás persoas beneficiarias nun período moi delicado da súa actividade profesional no que se deben enfrontar a numerosas amortizacións e precisan dispoñer de liquidez. E como medida transitoria, mentres non se regule esa exención, pedímoslle que se unifique o criterio de reatear o imposto sobre esta subvención durante os cinco anos obrigatorios do período de instalación, tal e como xa fan algunhas administracións.

Caso real: concédennlle 23.745 € e reclámanlle 7.200 en concepto de impostos, recargos e multa

Temos exemplos reais de mozos e mozas que cobraron, en 2014, ao redor de 22.000 € de subvención aos que, ao ser considerados ganancia patrimonial (coma os premios de lotaría) se lles quitou de impostos entre 5.000 e 6.000 € nun só cobro. A isto, houbo que engadirlle o agravante de que ao serlles aprobadas as axudas en 2014, a Axencia Tributaria obrigoulles a pagar na declaración da renda dese ano, cando o pagamento efectivo da axuda foi en 2015. Mesmo houbo casos de persoas beneficiarias que renunciaron á axuda ou, finalmente, cobraron unha contía menor, ás que se lles obrigou a pagar igual.

Por poñer un exemplo concreto, a un veciño de Trabada (Lugo) concedéronlle en 2014 unha subvención de 23.745 euros por realizar melloras na súa vivenda e comprar gando. Facenda envioulle unha comunicación requiríndolle o pagamento de 5.052 euros (a suma dos 4.593 que debía ter pagado con recarga) máis unha multa de 2.242 euros. En total, 7.200 euros por non declarar o ingreso no exercicio fiscal de 2014.

Análise: o anteproxecto da Lei do Solo

Actualmente, a Xunta está a traballar no desenvolvemento dunha nova Lei do Solo. Aínda que está pendente da súa aprobación definitiva, existe un anteproxecto que foi analizado polos servizos xurídicos do Sindicato Labrego Galego. Máis alá dos cambios que poida sufrir o texto antes do seu debate no Parlamento de Galicia, no borrador xa podemos ver como afectaría a nova lei, de aprobarse, ao solo rústico e ás cuestións relacionadas coas actividades agrogandeiras.



Actividades e usos NON-CONSTRUCTIVOS:

- a) Accións no solo ou subsolo que impliquen movementos de terra (dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos, etc.).
- b) Actividades de ocio (práctica de deportes, acampada dun día e comercio ambulante).
- c) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- d) Depósito de materiais, almacenamento de maquinaria e estacionamento de vehículos ó aire libre.
- e) Actividades extractivas, incluída a explotación mineira, as canteiras e a extracción de áridos ou terras.
- f) Actividades de acuicultura.

Actividades e usos CONSTRUCTIVOS:

- a) Construcións e instalacións agrícolas (almacéns, viveiros, invernadoiros...).
- b) Construcións e instalacións destinadas ó apoio da gandería extensiva e intensiva (granxas, currais, apiarios...).
- c) Construcións e instalacións forestais destinadas á extracción da madeira ou a xestión forestal.
- d) Instalacións vinculadas ás estradas.
- e) Construcións e rehabilitacións destinadas ó turismo rural.
- f) Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento.
- g) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións que deban localizarse necesariamente no medio rural, como son: os cemiterios, as escolas agrarias, os centros de investigación e educación ambiental, campamentos de turismo, equipamentos sanitarios, asistenciais e educativos, públicos ou privados.
- h) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- i) Cerramentos ou valado de predios.
- j) Instalacións para actividades deportivas, culturais e recreativas.
- k) Construcións destinadas a actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario.
- l) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.

AUTORIZACIÓNS E INFORMES

Coa nova Lei, simplifícase e unifícase o procedemento. Dise que "os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico".


En que sentido se simplifica e unifica a regulación? **Elimínase a "autorización autonómica previa"**, pero substitúese por a "autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente". Noutras palabras: en vez de autorización ou informe de Urbanismo da Xunta, terá que ser da administración sectorial competente: a Consellaría de Medio Rural.

Polo tanto, **en solo rústico de protección agropecuaria vai facer falta sempre informe da Consellaría de Medio Rural.**

EXCEPCIÓNS

Os únicos casos en que vai facer falta autorización autonómica previa (Urbanismo da Xunta) son os de **residencias vinculadas a explotacións e construcións artesanais ou de reducida dimensión destinadas ao almacenamento, envasado e transformación de produtos do sector primario**. O procedemento é: primeiro autorización de Medio Rural, despois de Urbanismo e despois licenza municipal.

En solo rústico protexido, nos casos concretos de **equipamentos e dotacións públicos e construción e rehabilitacións para turismo**, vaise precisar "autorización ou informe favorable do órgano sectorial correspondente" (no caso do solo rústico de protección agropecuaria, a Consellaría de Medio Rural).



Novas explotacións gandeiras

A nova Lei di que as **novas explotacións sen base territorial** teñen que estar a un mínimo de 500 metros do núcleo e 100 metros da vivenda (agás que o planeamento, xustificadamente, estableza outras distancias en función das circunstancias). A distancia á vivenda non se terá presente se é do mesmo titular.

En canto ás **novas explotacións con base territorial** estarán a un mínimo de 100 metros, tanto respecto a núcleos como a vivendas.

A diferenza coa anterior Lei do Solo é que para as explotacións sen base territorial redúcese a distancia con respecto ao núcleo de 1 km a 500 metros, e de 250 a 100 metros respecto das vivendas.

Invernadoiros en núcleos

Grazas a unha proposta do SLG no Consello Económico e Social (CES), a lei permitirá invernadoiros en núcleo rural como "uso complementario". Isto non figuraba no anteproxecto.

Reconstrución e rehabilitación de vivendas

Respecto das edificacións existentes de carácter tradicional, a lei nova permite -con autorización autonómica- a reconstrución e rehabilitación destinadas a vivenda, usos artesanais e turísticos ou equipamentos públicos. Por razóns xustificadas pode ampliarse o volume até un 50%. O criterio para ser tradicional é ter sido construída antes do 25 de maio de 1975.

División de parcelas

Polo que respecta á división e segregación de parcelas en solo rústico, a nova Lei do Solo, no seu artigo 149, di que non se poderán realizar "agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación".

Sen embargo, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente".

Edificacións fóra de ordenación

O anteproxecto refírese ás edificacións "fóra de ordenación" nas que só se poden realizar obras de conservación e mantemento por ser anteriores á aprobación do planeamento. Neste anteproxecto, considera "fóra de ordenación" aquelas edificacións afectadas "por vías, zonas verdes, espazos libres, dotacións equipamentos públicos". Polo tanto, as edificacións fóra de ordenamento non serían aquelas que resulten disconformes co planeamento urbanística, como dicía a anterior lei; senón as afectadas polos supostos devanditos.


Minaría

A nova lei dá unha potestade excesiva para a administración mineira (Disposición derradeira 4ª). Trátase dunha modificación do **artigo 14 da Lei de Minaría** de Galicia, que pasaría a dicir así:

"1. Todas as figuras de planeamento urbanístico ou territorial con incidencia na minaría deberán someterse a informe vinculante da consellaría competente en materia de minas, con posterioridade á súa aprobación inicial. O informe deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable. No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente os preceptos legais vulnerados.

2. Calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e nesta lei deberá ser motivada e non poderá ser de carácter xenérico.

As principais diferencias coa Lei da Minaría anterior a esta reforma legal é que antes se falaba de ter en conta os dereitos mineiros outorgados ou concedidos, mentres que agora se fala dun informe vinculante. É dicir, antes calquera acción sobre o solo debía pedir un informe se se ía executar sobre terras con dereitos mineiros, mentres que **agora a Consellaría de Industria terá unha especie de dereito de veto sobre calquera uso que se lle queira dar a esa terra que non sexa o mineiro**. Ademais, créase unha inseguridade tremenda a expresión ao dicir que isto afecta "todas as figuras de planeamento urbanístico ou territorial con incidencia na minaría", porque na minaría poden ter influencia todas.



A nova Lei do Solo aplicada

Regularización das explotacións existentes

Disto falan os dous artigos da disposición adicional 4ª:

1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade.

2. Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións sen superar o 50% do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 desta lei, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

QUE TRÁMITES DEBO REALIZAR EN CASO DE ACCIDENTE DE TRABAJO?

■ En primeiro lugar, tes que saber que se considera accidente de traballo: Aquel dano ou lesión que vén como consecuencia da nosa actividade profesional. Por exemplo, as lesións causadas por unha caída plantando cebolas ou polo couce dunha vaca.

PASOS A SEGUIR EN CASO DE ACCIDENTE LABORAL:

■ Se nos facemos dano traballando, e dependendo da súa gravidade, acudiremos ao centro de saúde, ao hospital ou aos servizos médicos da mutua.

■ É moi importante saber con que entidade (mutua, Seguridade Social...) temos as coberturas de accidente de traballo e incapacidade temporal.

■ Se o accidente é con baixa médica, será a mutua (se temos a cobertura das prestacións con mutua) ou o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) quen emitirán a baixa médica.

■ Cando é un **accidente con baixa médica** hai un prazo de 5 días dende a data da baixa médica, para tramitar por internet (a través da aplicación Sistema Delta) unha declaración (descrición) do accidente.

■ Cando é un **accidente sen baixa médica**, tamén hai que tramitar por Internet unha declaración máis sinxela do accidente sen baixa. Neste caso tramítase nos 6 primeiros días do mes seguinte ao accidente.

■ En calquera dos casos sinalados anteriormente, se recibimos atención médica no centro de saúde ou no hospital, debemos entregar no SERGAS unha copia da declaración tramitada por Internet.

TRAMITACIÓN DA PRESTACIÓN POR INCAPACIDADE TEMPORAL DERIVADA DUN ACCIDENTE DE TRABAJO

■ Dende a data da baixa médica, temos 15 días naturais para comunicar como queda a actividade, se pechamos ou que persoa queda a cargo.

■ Documentación a presentar:

- ▶ Solicitude de prestación (cada entidade ten os seus modelos).
- ▶ Fotocopia dos tres últimos recibos da Seguridade Social.
- ▶ Fotocopia do DNI.
- ▶ Certificado da conta bancaria.

Importante: Levar sempre toda a documentación por duplicado para quedarnos con copia selada.

CANTIDADES A PERCIBIR

■ En caso de accidente de traballo, cóbrase o 75% da base reguladora diaria a partir do día seguinte á baixa médica. Facendo os cálculos coa base mínima de cotización do ano 2016 (893,10€ ao mes e 29,77€ por día), cobrariáanse 22,33 € por día.

DURACIÓN DA BAIXA

■ O tempo máximo que se pode estar de baixa médica son 365 días, que se pode ampliar 180 días máis se o decide a inspección médica.

DETERMINACIÓN DA CONTINXENCIA DA INCAPACIDADE TEMPORAL

■ Se despois de ser atendida a persoa nos servizos médicos que lle correspondan, lle denegan a baixa médica por accidente de traballo, por considerar que as circunstancias do accidente non se deben ao traballo e, polo tanto, é unha enfermidade común ou accidente non laboral; existe un prazo para impugnar esa resolución de 10 días.

IMPUGNACIÓN DA ALTA MÉDICA POR ACCIDENTE DE TRABAJO

■ Cando nos dan a alta médica, hai que revisar ben o motivo desa alta. Se pon "curación", xa é motivo suficiente para impugnar esa alta. Se non estamos conformes con ela, hai un prazo de 10 días para impugnala

PRAZO PARA CAMBIARSE DE MUTUA

■ As persoas que xa temos mutua, podemos cambiala respectando os prazos: tramitar o cambio antes do 30 de setembro de cada ano, facéndose efectivo ese cambio a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte.

■ É importante que cando escollamos mutua comprobemos cales temos preto da nosa casa que dispoñan de servizos médicos propios, xa que de ter só servizo administrativo teríamos que desprazarnos para as revisións médicas para as



que nos citen e ás que temos obriga de acudir no lugar onde teñen os servizos médicos. Hai que ter en conta que moitas mutuas teñen eses servizos só na capital da provincia.

PRAZO PARA DEIXAR OU COMENZAR A PAGAR CON DEREITO A INCAPACIDADE TEMPORAL ACCIDENTE DE TRABAJO

■ Até o 30 de setembro de 2016. Entraría en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

PRAZO PARA RENUNCIAR AO CESE DE ACTIVIDADE (PARO DAS PERSOAS AUTONOMAS)

■ Até o 30 de setembro de 2016. Entraría en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

PRAZO PARA INCREMENTAR OU BAIXAR A BASE DE COTIZACIÓN

■ Até o 31 de outubro de 2016. Entraría en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

Información subvencionada por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

AXUDAS PAC ▶ O comisario de Agricultura cede aos fallos de xestión e autoriza ampliar o prazo até o 15 de outubro

O SLG pide a dimisión de Phil Hogan por atrasar máis o pagamento da PAC

Esta decisión adía aínda máis o acceso a liquidez de miles de familias labregas en situación crítica polas políticas de baixos prezos

O Sindicato Labrego Galego considera inaceptable a decisión da Comisión Europea de ampliar o prazo para pagar as axudas da Política Agraria Común (PAC) dende o 30 de xuño ao 15 de outubro. Con esta decisión, as axudas da PAC poderían cobrarse un ano e medio despois de ter sido solicitadas.

Para o SLG, esta ampliación responde á imposibilidade de facer fronte á xestión administrativa duns fondos de cuxo cobro depende a liquidez de miles de granxas na UE, sobre todo nun contexto no que as propias políticas comunitarias baseadas na liberalización e desregulación dos mercados e

da produción, teñen sumido ao meirande dos sectores agrogandeiros nunha das peores crises de prezos dos últimos anos.

Precisamente, as axudas da PAC serven para paliar uns prezos ruinosos en orixe que non dan nin para cubrir os custes da actividade agraria. Estes prezos son só posibles grazas a un sistema lexislativo e a unhas políticas neoliberais que permiten ás industrias alimentarias e ás cadeas de distribución impoñer ao seu antollo o valor dos alimentos en orixe. En resumidas contas, un sistema alimentario que se ceba con axudas públicas millonarias as cales, aínda que son percibidas por agricultores e agricultoras, en realidade só benefician a industrias e distribuidoras, que poden pagar os produtos agrarios a uns prezos que non teñen nada que ver coa realidade e que levarían á creba a produción alimentaria de Eu-



As políticas ultraliberais de Hogan, como as desenvoltas polos seus antecesores no cargo, seguen provocando o peche de miles de granxas na UE cada ano

ropa se non se sostivese con eses fondos públicos da PAC.

Sectores como o lácteo, porcino, carne de vacún, cunícola, etc. levan máis de un ano sumidos nesta fonda crise de prezos, vendo como a CE, apoiada polos ministerios de Agricultura dos estados, adopta feixes e feixes de medidas inútiles que non serven para nada mentres seguen a pechar miles de granxas e os prezos non paran de caer.

Se, por riba de aturar estas políticas, a Comisión de Agricultura é incapaz de xestionar a distribución dos cartos da PAC, entón non sabemos para que

serve. Por iso, dende o SLG, instamos a Medio Rural e ao Ministerio a opoñerse a esta nova ampliación do prazo para cobrar a PAC. Así llo comunicamos á directora xeral de Gandaría e Agricultura, Belén Docampo, nunha xuntanza mantida con ela o 14 de xuño.

Decisións como esta expresan perfectamente a incompetencia e inutilidade do comisario Phil Hogan para resolver os problemas da agricultura europea, polo que, dende o SLG, animámolo a dimitir e deixar o seu posto a outra persoa que, cando menos, si sexa competente.

Xuntanza SLG-Medio Rural para tratar os problemas do Banco de Terras

Unha comitiva do Sindicato Labrego Galego formada pola súa secretaria xeral, Isabel Vilalba, Xosé Ramón Cendán e Diego Sánchez Agra, mantiveron, o 17 de xuño, un encontro en Compostela co director xeral Desenvolvemento Rural e responsable do Banco de Terras (Sitegal), Miguel Pérez Dubois.

A xuntanza estivo centrada en falar, precisamente, do Banco de Terras e en poñer en coñecemento de Dubois unha serie de fallos que están a provocar que o Sitegal non estea a ser a ferramenta útil para resolver un dos principais problemas da agricultura e gandería galegas: o feito de que só o 24% do noso

territorio ten uso agrícola, fronte ao 40% de países máis desenvolvidos como Francia. Isto fai que moitas granxas teñan unha insuficiente base territorial, o que as obriga a optar por sistemas de produción máis intensivos, con maiores custes de produción e unha grande vulnerabilidade en situacións de crise como a que padece, actualmente, o sector lácteo.

Nestas circunstancias, é necesario facilitar o acceso das granxas a unha maior base territorial, especialmente por parte da xente nova, e aí é onde xoga un importante papel o Banco de Terras. Sen embargo, na actualidade, o Sintegal acu-



De esquerda a dereita: Diego Sánchez Agra, Isabel Vilalba, Dubois e Cendán

mula demoras de até dous anos para resolver os expedientes e a oferta de predios é manifestamente insuficiente en comparación coas terras agrarias abandonadas que temos no país.

Dende o SLG incidimos en que cómpren novas fórmulas de xestión para facilitar o acceso a parcelas en estado de abandono, bonificacións para axilizar a mobilidade dos terras, etc.

MINARÍA SALVAXE ▶ A veciñanza desenvolveu nos últimos tempos un intenso traballo restaurador do entorno con frondosas autóctonas tras un século de explotación mineira

O lume e as minas fan perigar décadas de traballo no monte veciñal de Froxán

Un incendio intencionado arrasou 9 hectáreas nestas terras mancomunadas de Lousame sobre as que hai unha concesión mineira

O 1 de maio, un incendio forestal arrasaba máis de 9 hectáreas do monte veciñal en man común de Froxán, no concello coruñés de Lousame. O suceso conmocionaba a veciñanza da parroquia debido ao esforzo feito nas últimas décadas para poñer en valor este ben común, ao tempo que levantaba suspicacias, xa que o monte está situado en terras dunha concesión mineira.

Ainda que outros lumes afectaron esta comunidade no pasado, esta é a primeira vez que un incendio é provocado intencionalmente no monte de Froxán. A veciñanza estima que o incendio aconteceu *“procurando facer o máximo dano posíbel a través da escolla do punto e das condicións ambientais máis indicadas para levar o lume cara á aldea e cara a unha recente reforestación con bidueiro, completada a finais de abril”*.

Este feito, que a veciñanza considerou un atentado, non respondeu a conflitos entre comunidades ou entre veciños e veciñas; nin tampouco a calquera interese directo pola acción do lume sobre o terreo, polo que existen sospeitas de que tras esta acción de *“terrorismo ambiental”* podería haber agachados intereses relacionados coa explotación mineira do subsolo. Dende a Plataforma contra MINAcción, da que forma parte o SLG, transmitimos *“a nosa máis firme condena á destrución ambiental perpetrada no monte da comunidade de Froxán, e o noso apoio e solidariedade coa activa-*



Máis dun século de desfeita mineira maquíllanse hoxe en día en Lousame con campañas publicitarias custeadas con fondos públicos que esquecen investir na restauración dun entorno moi castigado polas extraccións. De aí contrastes como a convivencia dos perigosos foxos sen cubrir (arriba) con carteis que promoven a bondade da actividade mineira.

ción de varios mecanismos de vixilancia ambiental” e exercendo un papel activo na rexeneración con árbores autóctonas do territorio arrasado.



Un exemplo de recuperación veciñal dun entorno fortemente castigado pola minaría

As minas de San Finx comezaron a ser explotadas de xeito industrial a finais do século XIX por firmas de capital inglés extraendo, fundamentalmente, estaño e volframio. Trala guerra civil, as minas nacionalizáronse e foron explotadas pola fundación Barrie de la Maza dende 1941 de maneira intensiva para fornecer a industria armamentística nazi e a costa dunha altísima mortalidade laboral por silicose. Dende 1960, a actividade mineira foi decaendo até o seu cese en 1989 polos baixos prezos do volframio. A extracción de mineral retomouse en 2012 e, trala concesión a unha fi-

lial da construtora Sacyr (Ibex 35) -Tugsten San Finx, Valoriza Minería- prevese que en 2016 a actividade mineira volva ao pleno rendemento.

Como contrapunto a toda esta voráxine extractiva, a Comunidade de Montes de Froxán levaba décadas desenvolvendo un lento traballo de restauración, plantando árbores autóctonas fronte á eucaliptización dominante que, a través do lume, se quixo destruír. Precisamente, a presenza de árbores autóctonas ralentizou o avance do incendio e permitiu a súa rápida extinción, impedindo que chegase ás casas da aldea.

SEGUE ▶

A herdanza mineira: unha balsa de lodos tóxicos de 5 hectáreas e pozos abertos e abandonados

Nin que dicir ten que a actividade mineira causou un fortísimo impacto ambiental: deforestación, contaminación fluvial, pozos mineiros abertos e montañas de refugallo. Unha comitiva de contraMINAcción viaxou ao lugar dos feitos para comprobar in situ o alcance dos danos causados pola minaría e polo lume.

Desta maneira, constatamos a existencia de numerosos pozos e vetas abertas abandonadas producidas pola actividade mineira nos montes veciñais de Froxán e da Feosa (denominados localmente “choios”). Como adoita acontecer, as mineiras deixaron todo abandonado e tivo que ser a propia veciñanza a que levou a cabo os labores de restauración dalgúns deses buracos, os de menor tamaño, sen axuda das administracións ou das empresas concesionarias responsábeis. Verificamos, con todo, o risco que aínda supoñen estes pozos e vetas abertas e advertimos o perigoso que resulta transitar esta zona por fóra dos camiños.

A delegación de ContraMINAcción tamén comprobou a expansión da ocupación de parcelas de monte veciñal que a empresa concesionaria da mina vén realizando nos últimos anos, incluíndo a invasión de monte con cascallos e balsas de lixiviados no caso da comunidade da Feosa; e da instalación dun portalón e reixado no acceso a unha das parcelas do monte de Froxán.

✓ Augas fluviais con lixiviados e un forte fedor químico

Ao longo de todo o perímetro das escombreyas prodúcese un lixiviado constante dos materiais expostos á intemperie e ao arrastre da chuvia que decanta directamente no río San Fins. As augas deste río desprenden un forte cheiro e continúan o seu curso sen ningunha clase de tratamento. É notorio en toda a zona fluvial próxima á mina un forte fedor químico. Río abaixo das instalacións da mina de San Fins, existe unha inmensa balsa de lodos tóxicos que ocupa unhas 5 hectáreas contida por un dique de formigón fabricado hai máis de 100 anos e que se encontra en pésimo estado de conservación. A súa eventual rotura suporía unha catástrofe ecolóxica que afectaría toda a actividade marisqueira da ría de Muros e Noia.

FIN ■



A balsa con cinco hectáreas de lodos tóxicos de San Fins está contida unicamente por un deteriorado encoro de formigón con máis de un século de antigüidade

17 DE MAIO ▶ Queremos Galego denunciou o retroceso nos dereitos lingüísticos de Galiza da man das políticas do PP

Galiza viviu unhas Letras Galegas máis reivindicativas da man de Manuel María

O poeta da Terra Chá mantivo un intenso activismo político e social que o levou a colaborar estreitamente co SLG

O Día das Letras Galegas estivo dedicado, neste 2016, ao poeta chairego Manuel María quen, ademais do literario, desenvolveu ao longo de toda a súa vida un intenso activismo social e político no que colaborou activamente coas Comisións Labregas e co Sindicato Labrego Galego. A figura senlleira deste “labrego con algo de poeta”, como el mesmo se definiu, permitiu que este 17 de maio fose máis reivindicativo cos nosos dereitos lingüísticos.

Na multitudinaria manifestación convocada pola Plataforma Queremos Galego, leuse un pregón no que se denunciaba que “nos últimos anos, o goberno do Partido Popular na Xunta, que ten a obriga legal de promover e defender a lingua galega, foi o principal promotor do retroceso do noso idioma. As consecuencias son perfectamente observábeis nos datos estatísticos, na reducida ou nula presenza do galego na xustiza, administración e servizos públicos; na desaparición das aulas de Educación In-

fantil como antesala do proceso de estranxeirización da lingua galega no seu propio país, xunto co veto ao seu uso nas aulas en materias da área científico-técnica, ou no obxectivo de redución a 1/3 a súa presenza no ensino que establece o decretazo contra o galego 79/2010; na exclusión do galego de grande parte dos sectores económicos e na discriminación consentida a galego-falantes en servizos de atención á clientela por parte de empresas que, ademais de prestaren servizos en Galiza, extraen grande parte dos seus recursos. Esta situación foi denunciada publicamente mesmo ante a comunidade internacional, e foi motivo dun apercibimento grave, por parte do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas, aos gobernos da Xunta e estatal”.

Fronte a este ataque desapiadado contra a nosa lingua dende as institucións que deberían defendela, sacaron a colación versos de Manuel María: “O idioma é a vida” e, conclúe o manifesto, “a vida dános a forza, o amor e a vontade de unidade que amosamos na manifestación do 17 de maio pois, como di Manuel María, o idioma é a patria, a esencia máis nosa, a creación común máis grande e poderosa.”



Manuel María combinou o oficio da escrita cun intenso activismo social. Na imaxe, conversa con Lidia Senra na Festa da Cota Rachada, o 8 de maio de 1993

DEREITOS ▶ A criminalización do independentismo galego ameaza e conculca dereitos fundamentais da cidadanía

Máis de 70 organizacións rexeitamos a ilegalización de Causa Galiza

O Sindicato Labrego Galego tamén apoiu ao colectivo independentista nun acto informativo público ante os medios

O 30 de outubro de 2015, a Garda Civil, por orde do xuíz da Audiencia Nacional, Eloy Velasco, arrestaba nove persoas na Galiza no marco da Operación Jaro. As nove eran liberadas tres días despois con imputacións como apoiar e enaltecer o terrorismo. O 8 de abril de 2016, consumábase a voráxine represiva coa suspensión de actividades da organización política na que militan as nove persoas detidas: Causa Galiza.

As acusacións de apoiar actividades terroristas baséase en probas tan peregrinas como conmemorar no Día da Galiza Combatente (26 de abril) o fusilamento dos mártires de Carral, acontecido en 1846 e sobre o que existen todo tipo de recoñecementos institucionais, dende monumentos até a concesión da Cruz do Valor e da Constancia polas Cortes do Estado.

Estes feitos resultarían esrepéuticos se non fose porque se lles privou da liberdade e dos seus dereitos a nove cidadáns galegos cuxo único crime foi ser independentistas nun Estado teoricamente democrático no que, tamén en teoría, existe liberdade de expresión, de pen-



Xabier Gómez Santiso representou ao SLG no acto de apoio a Causa Galiza

samento e de militancia política amparadas pola Constitución. Agora, os nove terán que pasar por un xuízo no que a fiscalía pedirá penas de prisión para eles.

O pasado 26 de abril, as persoas encausadas pola Operación Jaro organizaban unha rolda de prensa para denunciar todo o devandito co apoio de organiza-

cións sociais, ecoloxistas, políticas e sindicais da Galiza. En total, fomos máis 70 colectivos quen apoiamos este acto de rexeitamento da ilegalización dunha organización política independentista como Causa Galiza e do enxuizamento de nove cidadáns galegos por defender democraticamente as súas ideas.

28M ▶ Unhas 3.000 persoas secundaron a mobilización para relembrar que a loita contra a austeridade segue acesa

O SLG apoiou a camiñada pola Muralla de Lugo coas Marchas da Dignidade

O 28 de maio, as Marchas da Dignidade volveron saír ás rúas para rebelarse contra os recortes de dereitos que leva anos sufrindo a cidadanía galega. Desta vez, o escenario elixido foi Lugo, onde se levou a cabo unha marcha a pé por riba da muralla baixo o lema “*Muralla de dignidade*” que acabou congregando unhas 3.000 persoas. Nun comunicado posterior, dende as Marchas da Dignidade advertiron “*quérennos en casa, caladas e calados, pero vannos seguir atopando nas rúas. Que os gobernos teñan claro que imos seguir sumando voces e esforzos até conseguir pan, traballo e teito para todos e todas*”.

Unha vez máis, como integrante das Marchas da Dignidade, o SLG apoiou esta mobilización. Como organización labrega, denunciamos que a totalidade dos sectores agrogandeiros, en maior ou menor grao, están á mercé do poder abusivo de grandes industrias e cadeas de distribución, que obrigan a producir alimentos a prezos de miseria, arruinando miles de familias para engrosar aínda máis as súas milmillonarias contas de beneficios. Sectores como o lácteo, o vacún para carne, o hortícola, o cunícola ou o porcino están a sufrir nos últimos anos un auténtico latrocinio empresarial con prezos que non cobren os




O SLG apoiou a marcha sobre a muralla en protesta por un sistema que estafa aos labregos e labregas e priva de dereitos fundamentais á xente que vive no rural

custes e produción grazas á complicidade e colaboración necesarias dos diversos gobernos.

Lonxe de recuar neste asoballamento da clase labrega, os acordos de libre comercio como o TTIP poden empeorar aínda máis a situación, abrindo o escenario a un modelo alimentario como o estadounidense que ameaza con arrasar boa parte

das producións agrogandeiras europeas e a nosa soberanía alimentaria.

Ademais, as persoas que vivimos no medio rural temos moitos motivos para indignarnos, pois os recortes que está a sufrir toda a cidadanía en dereitos esenciais como a sanidade, o ensino ou a atención aos sectores sociais máis vulnerables, teñen maior virulencia no campo.



EMPREGO AGRARIO ▶ Das 71.000 persoas que traballaban nos sectores agrario, gandeiro e forestal no ano 2009 pasamos a 46.000 no primeiro trimestre de 2016

O campo galego perdeu un 35% dos seus empregos dende a chegada de Feijóo

En cuestión de xénero, hai sete anos as mulleres superaban aos homes no agro, mentres que agora son 7.000 menos

Os datos da Enquisa de Población Activa (EPA) sobre o primeiro trimestre do ano 2016 desvelaron que na Galiza estaban a traballar na agricultura, a gandaría e a silvicultura ao redor de 46.000 persoas, o que supón un lixeiro aumento con respecto ao anterior trimestre

que cifraba o emprego nestes sectores en 45.200 traballadores e traballadoras.

Trátase, porén, dunha cifra enganosa. Se pescudamos o número de persoas que traballaban nestes sectores cando Feijóo comezou a gobernar na Galiza, no terceiro trimestre de 2009, daquela tiñamos 71.000 persoas en activo. Se nos atemos ao rexime de autónomos no que se atopan o meirande dos labregos e labregas de Galiza (empresario/a agrario/a sen asalariados/as), o descenso

foi de 52.500 persoas a 33.900. En calquera dos casos, estaríamos diante dunha destrución de emprego no período Feijóo ao redor do 35%.

✓ O agro e a construción, os máis castigados pola crise

Nunha análise realizada polo xornal dixital Praza Pública, advírtese dunha evolución moito máis negativa no emprego feminino: se no cuarto trimestre de 2009 había máis mulleres ca homes traballando nestes sectores -33.900 fronte a 33.400-,

e esa igualdade mantívose até comezos de 2013; dende entón o número de homes ocupados case non variou, mentres que o de mulleres descendeu en 7.000 persoas.

Praza Pública destaca que os sectores agrogandeiros sufriron neste período unha destrución de emprego semellante aos sectores máis damnificados pola crise, como a construción, onde o descenso de persoas empregadas foi do 39%, superando á banca (-31%), a industria (-17%) ou o comercio (-14%).

CATASTRAZO ▶ A xerencia territorial cataloga por sistema as instalacións agrarias coma se fosen almacéns

O SLG denuncia graves erros nas revisións catastrais de Muras

A consecuencia directa destes fallos é un aumento da carga fiscal en inmobles e a imposibilidade de obter bonificacións

A Xerencia Territorial do Catastro está a cometer de maneira xeneralizada erros na catalogación dos inmobles de Muras no marco das regularizacións catastrais que está a facer dende o 26 de xuño de 2015 e até o vindeiro 30 de xullo.

Polo que puidemos constatar no SLG, a práctica totalidade das comunicacións tran erros importantes. Un dos máis comúns consiste en catalogar de almacéns instalacións agrarias como pendellos, palleiras ou cortes. As consecuencias dun erro coma este supón, en primeiro lugar, unha valoración do inmovle

mais alta; e, en segundo lugar, mentres que nas instalacións agrarias o acordo de alteración entra en vigor no ano de regularización -neste caso o 1 de xaneiro de 2016-, os restantes inmobles pasan a ter a nova categoría na data na que se produciron os feitos, actos ou negocios que deron orixe á incorporación ou modificación catastral.

Na práctica, as construcións de uso agrario non pagarían os atrasos do IBI dos últimos catro anos que si deben pagar outro tipo de inmobles que non estaban regularizados. Un exemplo real disto é o dunha corte para as vacas á que cualificaron de almacén cun valor catastral de 7.437 €. Ao ter que abonar o IBI dos últimos 4 anos (0'4%), terá que desembulsar 119 € de atrasos; cando, en caso de ser cata-



O SLG informou sobre as revisións catastrais nunha asemblea veciñal o 27 de abril

logada como o que é, un inmovle agrario, pagaría só o IBI dende o 1 de xaneiro de 2016. Ademais, as instalacións agrarias poden ser bonificadas con descontos de até o 95%.

Aínda que dende o SLG xa mantivemos encontros con políticos para tratar esta cuestión, como a reunión do 9 de novembro entre a coordinadora do SLG na Terra Chá, Margarida Prieto, e o tenente de alcalde de Muras, Mario Rouco; instamos á Xerencia Territorial do Catastro

a revisar de oficio as regularizacións feitas en Muras porque, unha vez máis, están a prexudicar directamente a familias que desenvolven actividades agrogandeiras.

A maiores, o SLG tamén instou ao concello a executar o acordo acadado con nós de cara a modificar a ordenanza municipal do IBI e a aplicar as exencións e bonificacións máximas permitidas pola Lei de Fancendas Locais ás vivendas do rural e ás instalacións agrarias.

REPRESIÓN DOS MOVEMENTOS SOCIAIS ▶ Centos de persoas e organizacións sociais, incluído o SLG, expresaron o seu apoio á sindicalista da CIG o día do seu xuízo

Vaga de solidariedade con Laura Bugalho, procesada por defender persoas sen papeis

O 7 de xuño, centos de persoas e organizacións sociais apoiabamos a Laura Bugalho, a sindicalista da CIG procesada por defender os dereitos das persoas sen papeis, cunha concentración diante dos xulgados de Fontiñas (Compostela). Antes desta manifestación, houbo unha intensa campaña de apoio nas redes sociais baixo o lema "Moitas Lauras precisa este país".

Ao final, Laura aceptaba unha condena de 11 meses de prisión, polo que non irá á cadea, e unha multa de 750 € "porque estou farta deste proceso que me inventaron. Teño 52 anos e quérome xubilar tran-

quila". Desta maneira, remata un proceso xudicial que se iniciou hai 7 anos e que obrigou a esta activista a enfrontarse a 5 xuízos e numerosas ameazas.

Laura Bugallo traballa na CIG desde hai 24 anos. Durante un longo período de tempo desenvolveu a súa actividade no Departamento de Migración da central sindical, desde o que atendía á poboación inmigrante galega retornada e a poboación migrante. Co progresivo endurecemento das leis de estranxeiría foise incrementando o traballo e pasou a atender non só cuestión laborais, senón tamén de papeis. Así, Laura axudaba ás

persoas migrantes en aspectos relativos a todo o que atinxía ás súas vidas: desde escolarización de nenas e nenos, até asistencia médica ou vivenda.

En 2009, logo de ter realizado varias denuncias, a décimo novena foi contra unha mafia na que presuntamente estaban implicadas 39 empresas do sector do metal da comarca compostelá, membros de CITE-CCOO e da policía nacional, funcionarios de estranxeiría e da Seguridade Social, e persoal do consulado de España en Casablanca.

Segundo relata a CIG, a raíz desa denuncia, Laura Bugalho recibiu un aviso desde a policía



fonte: CIG

da Coruña para alertala de que estaba a ser investigada. En efecto, ao pouco foi detida e acusada de trata ilegal de inmigrantes e falsificación documental. Hoxe, a fiscalía mantén a segunda acusación, pola que pide 3 anos de prisión para Laura. Pola súa banda, a defensa e a CIG esixen o arquivo da causa.

AGROTÓXICOS ▶ A Comisión Europea prorrogará só 18 meses o seu uso grazas ao forte rexeitamento social

O Parlamento de Galiza contra o glifosato

A Plataforma contra as Fumigacións consegue implicar aos partidos políticos parlamentarios para reducir o seu uso

Durante os últimos meses, en toda Europa houbo unha vaga de accións dirixidas a forzar a prohibición do glifosato en territorio comunitario con vistas a que a autorización deste herbicida canceríxeno caducaba o 30 de xuño de 2016.

De primeiras, a Comisión Europea prentedía prorrogar a súa autorización durante 15 anos. As fortes presións sociais e a oposición frontal de países como Francia, fixo que baixase as súas pretensións a 10 anos. Finalmente, grazas á oposición de varios estados e a unha forte campaña en contra levada por diversas organizacións e colectivos sociais, a Comisión Europea dará unha prórroga de 18 meses coa escusa de dar tempo

á Axencia Europea de Produtos Químicos a rematar un estudo sobre o que é o herbicida máis utilizado no mundo.

Na Galiza, as principais accións contra o glifosato foron levadas a cabo pola Plataforma contra as Fumigacións, da que forma parte o Sindicato Labrego Galego. Entre as actividades desenvolvidas, destacaron os contactos que se mantiveron con tódolos grupos políticos do Parlamento de Galicia (PP, BNG, PSOE, AGE e Grupo Mixto) a finais de maio.

As peticións da Plataforma contra as Fumigacións aos partidos políticos foron, principalmente, dúas:

1. Abrir un debate parlamentario e chegar a un acordo para deixar de utilizar o glifosato nos traballos levados a cabo polas diversas administracións públicas galegas -concellos, deputacións e Xunta- polos perigos que entraña o seu uso.



A Plataforma contra as Fumigacións reuniuse con representantes dos partidos con representación parlamentaria na Galiza. Na imaxe, o encontro co Grupo Mixto

2. Que se impliquen na consecución do anterior punto facendo chegar aos concellos e ás deputacións nas que gobernan a moción para declararse oficialmente en pleno libres de glifosato.

A pesares da prórroga de 18 meses, a Plataforma contra as Fumigacións acadou o compromiso dos diversos partidos de trasladar a aqueles concellos e deputacións nos que gobernan a proposta de non utilizar glifosato polos graves riscos que representa o seu uso para a saúde

da cidadanía e a conservación do medio ambiente. Cómpre lembrar que o glifosato foi incluído na listaxe de substancias potencialmente canceríxenas da Organización Mundial da Saúde (OMS). A maiores, existen diversos estudos que demostran a presenza de glifosato no sangue das persoas e nos alimentos, ou o grave problema derivado do envelenamento masivo de abellas, cos riscos que iso supón no seu esencial papel polinizador e as contiosas perdas provocadas no sector apícola.

A coordinadora do SLG na Terra Chá, Margarida Prieto, mantivo un encontro coa veciñanza da Pastoriza, o 27 de maio, para informar sobre a regularización catastral que se está a desenvolver neste concello lucense dende o 26 de xuño de 2015 até o 30 de xullo de 2016.

No caso pastoricense, o SLG solicitou unha entrevista cos responsábeis municipais con competencias en urbanismo e facenda, ademais de rexistrar un escrito dirixido ao concello coas seguintes peticións:

1. Compromiso de que non se cobren atrasos no IBI.
2. Modificar as ordenanzas fiscais para que de oficio se apliquen as exencións e bonificacións na contía máxima que a Lei de Facendas Locais per-

CATASTRAZO ▶ Neste municipio lucense aplícas o máximo tipo impositivo, feito que se agrava coas revisións catastrais

O SLG pide ao Concello da Pastoriza a corrección do gravame no IBI de rústica

mita para ás vivendas do rural e ás construción agrarias.

3. Deixar sen efecto as taxas de regularización catastral nas obras agrarias que estean en proceso de regularización.

4. Poñer a disposición da veciñanza os medios e persoal necesarios para informar dos cambios emanados da regularización catastral e das súas consecuencias, prestando asesoramento para que presenten as alegacións necesarias.

Estas peticións, xunto coa da entrevista, foron rexistradas o 20 de maio e, a día de hoxe, seguimos agardando pola resposta municipal.

No concello da Pastoriza, os inmobles de rústica sofren o tipo impositivo máximo que se lles pode aplicar, trala suba aprobada en 2014, cando pasou do 0'3 ao 0'9%. Máis recentemente, en decembro de 2015, tamén se subiu o IBI de urbana do 0'4 ao 0'6%.

Dende o SLG parécenos especialmente grave que o equipo de goberno da Pastoriza, sabendo que na Galiza se veñen facendo procesos de regularización catastral dende o ano 2013, se incrementase o IBI de urbana e o de rústica, sendo neste último caso até o máximo tipo impositivo que permite a lei en troques de conxelalos, reducilos ou regular bonificacións. Este feito fará aínda máis lesivas as taxas e atrasos que se lles cobre ás persoas con bens inmobles no rural. Por iso, no caso pastoricense, parécenos fundamental que o concello acceda a non cobrar ningún tipo de atraso do IBI; e que aplique as bonificacións necesarias para non castigar, aínda máis, ás familias que viven da agricultura ou da ganadería.

TERRA ▶ A iniciativa presentouse no Congreso dos Deputados e das Deputadas o 28 de abril coa participación de varios colectivos e organizacións agrarias do Estado

O SLG participa nunha campaña estatal a prol do reparto xusto da terra agraria

A secretaria xeral do SLG denunciou as novas formas de acaparamento de terras na Galiza con exemplos como a minaría

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, participou, o 28 de abril, na presentación dun informe e unha serie de propostas sobre políticas relacionadas coa terra no Estado Español e na Unión Europea. O acto tivo lugar na sala Ernest Lluch do Congreso dos Deputados (Madrid) e, xunto a Isabel Vilalba, faláron representantes das outras organizacións responsábeis desta campaña en defensa da terra: Ángeles Santos (presidenta de Plataforma Rural), Andoni García (Executiva de COAG e EHNE Bizkaia), Inmaculada Idáñez (Confederación de Mulleres Rurais -Ceres), Federico Pacheco (Sindicato de Obreiros e Obreiras do Campo-SOC) e os autores do informe *"Estructura e propiedade da terra"*: Fernando Fernández (Fundación Mundubat) e Carles Soler (revista Soberanía Alimentaria).

A intervención de Isabel Vilalba estivo centrada na realidade da Galiza, cuxa estrutura da terra minifundista e coa propiedade moi repartida aparece no informe como exemplo contrario a casos de latifundismo e forte concentración como Extremadura. A pesares de termos os vimbios para un reparto xusto da terra na Galiza, Isabel explicou que existen ameazas, algunhas de vello e outras xurdidas nos últimos anos, de cara a arrebatarlle ás familias labregas e ás comunidades de montes a tenza deste recurso natural indispensable para o seu traballo e para a produción de alimentos.



Balance galego: 265.000 hectáreas menos de solo agrario e 400.000 para o eucalipto

Nos últimos anos, cada vez son máis as hectáreas que acaban en mans de grandes empresas na Galiza, de maneira directa ou indirecta, para fins que non teñen que ver coa produción de alimentos. A eucaliptización do país para fornecer de materia prima industrias como a celulosa ou o Plan Sectorial de Actividades Extractivas, que impón a minaría como uso prioritario no 60% do noso territorio, son bos exemplos destas ameazas. En cifras, contrasta que ao tempo que as ao redor de 80.000 explotacións agrogandeiras galegas en activo dispoñen de 650.000 hectáreas, só o monocultivo de eucalipto acapara 190.000 ha. -396.000 se contabilizamos superficies mixtas- decotío en plantacións ilegais en solo agrario que non son perseguidas polas autoridades competentes.

De feito, só o 24% do noso territorio ten uso agrícola, fronte ao 40% de países máis desenvolvidos como Francia. Outro informe publicado, recentemente, polo Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago baixo o título *"Propiedade, mobilidade de terras e valorización territorial"* revelou que, dende 1985, perdéronse na Galiza 265.000 hectáreas de superficie agraria útil.


Outro dos eixes sobre o que viraron as palabras da secretaria xeral do SLG foi a defensa dos montes comunais, un modelo de propiedade comunitaria de gran valor social en moitas zonas desfavorecidas de Galiza e tamén ameazado por factores como a fiscalidade excesiva, a inxerencia na capacidade de decisión dos comuneiros e comuneiras e mesmo a tentativa de privatización.

Políticas activas para a recuperación de superficie agraria

Dende o SLG, cremos que existen medidas políticas que suporían un revulsivo á hora de protexer a terra agraria e promover a súa mobilidade. Para o SLG, o obxectivo de Galiza para progresar na soberanía alimentaria debería ser o de ter un terzo do seu territorio como superficie agraria útil (SAU). De seguido, algunhas medidas para acadalo:

1. Crear unha lei que protexa de maneira transversal a superficie agraria útil, de maneira que o resto de leis e normas de Xunta e concellos sobre ordenación territorial se adapten a esta protección especial. O uso agrario do solo catalogado como SAU debe ser prioritario sobre outros como o mineiro, o enerxético ou o urbanístico.
2. Dotar de suficientes recursos materiais e humanos o Banco de Terras para que sexa unha ferramenta útil, tanto á hora de ampliar a oferta de terra en desuso como á de diminuír os tempos de espera para resolver as solicitudes que, na actualidade, chegan aos 3 anos.
3. Perseguir a forestación ilegal de terras agrarias e repórter a legalidade alí onde plantíos forestais usurparon solo agrícola ou non respectaron as distancias con prados e leiras.
4. Crear unha área específica na Consellaría de Medio rural que traballe en facilitar terras á xente nova que se incorpora á agricultura e ás granxas sen terra.

SEGUE ▶



O retroceso do solo agrícola vincúlase na Galiza ao peche de 37.000 granxas entre 2000 e 2010

A nivel xeral, o informe presentado denunciou que a propiedade da terra en Europa volveuse tan desigual que, nalgúns rexións, alcanza niveis parecidos aos de Brasil ou Colombia, países coñecidos pola súa inequidade na distribución das mesmas. Segundo datos oficiais, o 3% das fincas controlan o 50% da superficie agraria útil na UE, ao tempo que, nos últimos 10 anos, as pequenas e medianas explotacións perderon o control sobre o 17% das terras europeas.

No Estado Español, a evolución do número e dimensión física das explotacións segue as tendencias observadas a nivel europeo e, en concreto, o estudo recolle que na primeira década do século XXI:

1. O número de explotacións agrarias reduciuse un 23,2%. En valores absolutos, as CC.AA que sufriron un maior abandono foron Comunidade Valenciana (49.460), Andalucía (48.200) e Galiza (37.050).
2. A Superficie Agraria Útil (SAU) debido ao abandono de explotacións, fenómenos urba-

nísticos e recalificación dos usos do solo, diminuíu un 9,2%, o que equivale a 2,4 millóns de hectáreas. En 10 anos, perdéronse 659 hectáreas cada día. Como xa vimos con anterioridade, na Galiza perdemos 265.000 hectáreas de superficie agraria útil dende 1985.

3. A media do tamaño das explotacións aumentou un 18%.


O incremento concentrouse entre as explotacións de tamaño medio-grande. A pequena explotación (menos de 5 ha) representa o 52% do total pero só o 4,3% da superficie. A mediana explotación (entre 5 e 70 ha) representa o 40,8% das explotacións co 32% da terra. A gran explotación (entre 70 e 500 ha) representa a maior

parte da terra cultivada (46%). E a propiedade latifundista (máis de 500 ha) que acapara o 17% da superficie pero só supoñen o 0,44% das explotacións.

4. En canto a sexo e idade, tamén existe desigualdade no reparto da terra, aínda que na Galiza non é tan acusado: mentres que no Estado as mulleres só son propietarias do 23% da terra, no caso galego a porcentaxe elévase ao 47%. Respecto do factor idade, os mozos e mozas tan só son titulares do 6,6% da terra, ao tempo que as persoas de máis de 55 anos son titulares do 51%.

Os cambios no uso do solo son evidentes; os procesos de urbanización, a expansión das áreas industriais, a construción de grandes infraestruturas, e o destino de áreas territoriais á explotación enerxética van presionando progresivamente sobre a terra agraria. Pero na perda de terra agraria inciden outros factores como o prezo da terra, a falta de substitución xeracional, ou os mecanismos de cese na actividade.

FIN ■



COAG ▶ A Comisión Executiva Estatal renóvase con dúas novas incorporacións: Toño Romé e Jaume Bernis

A XIV Asemblea Xeral da COAG reelixiu a Miguel Blanco secretario xeral

Unha delegación do SLG acudiu ao evento, que se celebrou en Madrid o 20 e 21 de maio e contou coa presenza da ministra

O apicultor zamorano Miguel Blanco Suaña foi reelixido polo pleno da XVI Asemblea Xeral da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), que se celebrou en Madrid o 20 e 21 de maio. Como principais novidades na Comisión Executiva Estatal están as incorporacións de Toño Romé, mozo produtor de cereais e forraxes en Zuera (Zaragoza) e Jaume Bernis, produtor de porcino en Alcarrás (Lleida). Repiten Eduardo López, Miguel Padilla, Andoni García, Rafael Hernández e Charo Arredondo.

O lema da asemblea foi “*Producimos alimentos, agricultores con agricultores*”. Con esta frase “*pretendemos salientar a función principal da agricultura e da gandería: a produción de alimentos. Unha función estraté-*

xica para unha necesidade vital. Unha función enmarcada nun modelo económico de carácter social e, polo tanto, unha agricultura con agricultores e agricultoras, non de sociedades anónimas, fondos especulativos e absentistas”, explicou Miguel Blanco. Este modelo social de agricultura debería refrendarse coa aprobación dun Estatuto da Agricultura Social e Profesional como renovación da actual Lei de Modernización das Explotacións Agrarias.

Outra das cuestións que tocou o secretario xeral da COAG no seu discurso foi a necesidade dunha nova PAC, a pesares da recente aprobación da actual. Para Miguel Blanco, “*a nova PAC debe centrarse en acadar unha actividade agraria rendible, cuns prezos remunerativos por riba dos custos, que permita un relevo xeracional con garantías*”. E para iso, “*a UE debe trocar o rumbo da súa política de desregulación e liberalización comercial e instaurar mecanismos efectivos que estabilicen os mercados agríco-*



Arriba, comitiva do SLG que acudiu á asemblea de COAG; abaixo, Miguel Blanco

las e garantan prezos remunerativos para os e as profesionais da agricultura e da gandería”.

Finalmente, Blanco sinalou como unha das prioridades de

COAG na vindeira lexislatura o desenvolvemento da Lei de Mellora da Cadea Alimentaria para rematar cos abusos das industrias e das distribuidoras.

O SLG pide o indulto de Andrés Bódalo, en prisión por unha protesta en 2012

O Sindicato Labrego Galego presentou un escrito dirixido ao ministro de Xustiza, Rafael Catalá, solicitando o indulto de Andrés Bódalo, xornaleiro do SOC-SAT, que cumpre condena de prisión dende o 30 de marzo por unha protesta realizada no ano 2012 en demanda de emprego e prestacións sociais para os traballadores e as traballadoras do campo.

Ademais, dende o SLG tamén pedimos que se reciba de maneira urxente aos 16 dirixentes

do SOC-SAT que, daquela, estaban en folga de fame en Madrid.

Para o SLG, non hai motivos para que Andrés Bódalo siga encarcerado e sufrindo un castigo desproporcionado. Con esta condena, téntase criminalizar a protesta social e disuadir a xornaleiros e xornaleiras das súas mobilizacións lexítimas en defensa da terra, dos recursos naturais e dun modelo agrícola sostíbel que posibilita a soberanía alimentaria e unha vida digna no medio rural.



Bódalo nunha manifestación de apoio á súa causa antes de ingresar en prisión

SEMENTES ▶ A Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) celebrou un encontro para analizar e enfrontar as ameazas sobre o acceso aos recursos fitoxenéticos

Fronte común contra as patentes de seres vivos e polo dereito ás sementes

Traballaranse textos como o Tratado Internacional de Recursos Fitoxenéticos ou a Declaración dos Dereitos Labregos da ONU

A Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) celebrou na finca Dottenfelder Hof, preto de Fráncfort (Alemaña), do 22 ao 24 de abril, un encontro para compartir experiencias sobre a defensa das sementes en distintos países e analizar as ameazas aos dereitos dos labregos e das labregas nesta materia.

Un dos temas abordados foi a **lexislación sobre transxénicos derivados de novas técnicas de modificación xenética**. Dende a ECVC chegouse á conclusión de que estes organismos tamén deben ser incluídos nas directivas sobre os OXMs e suxeitos a avaliación e etiquetaxe transxénica.

Tamén se falou das **directivas europeas e lexislacións estatais** en materia de comercio e intercambio de sementes entre labregos e labregas. Para a ECVC, é necesario mellorar as normas e a lexislación a nivel europeo e estatal en materia de comercio que afecten ás sementes, do mesmo xeito que obter leis positivas que protexan o dereito dos labregos e das labregas a usar, gardar, intercambiar e vender as súas sementes.

Un dos acordos do encontro de Dottenfelder foi o loitar contra a **directiva sobre as patentes de organismos vivos**, “xa que é inaceptable e non ofrece ningún tipo de interpretación que permita aos labregos e labregas defender os seus dereitos no debate aberto sobre as patentes de sementes e de gando en Europa. Por iso, é necesario prohibir a patentabilidade de pro-



dutos vexetais e animais procedentes de procesos biolóxicos, así como dos seus trazos nativos e información xenética”.

Finalmente, as organizacións que integramos a ECVC compro-

metémonos a continuar traballando a cuestión das sementes en relación coa **Declaración dos Dereitos Labregos na ONU**. Neste senso, defendemos a inclusión dunha referen-

cia ao dereito dun estado a rexeitar os transxénicos e patentes sobre as sementes, e o deber de promover e apoiar os bancos locais de sementes xestionados por labregos e labregas.

O Tratado de Recursos Fitoxenéticos non pode ser un instrumento de biopiratería

A decisión máis destacada deste encontro foi a de organizar unha fronte unida para deter a ofensiva da industria que busca transformar o **Tratado Internacional sobre Recursos Fitoxenéticos para a Alimentación e a Agricultura (TIRFAA)** nun instrumento de biopiratería. Como ben sabemos, o TIRFAA reconece os dereitos dos labregos e das labregas a conservar, utilizar, intercambiar e vender as súas sementes. Con todo, carece dun mecanismo axeitado que sancione aos estados que o ignoren e, polo tanto, abandona as sementes conservadas polos labregos e labregas destes países ao seu sistema de patentes.

Por esta razón, dende a ECVC esixírase que o TIRFAA defenda verdadeiramente os dereitos labregos e garanta que os agricultores e agriculto-

ras teñan acceso á completa diversidade das sementes reproducidas nos seus campos e que estas sexan protexidas contra a biopiratería.

Nun comunicado, a ECVC explicou que “a *preservación, renovación e uso sostible dos recursos fitoxenéticos baséase, principalmente, nos dereitos dos labregos e das labregas a utilizar, replantar, intercambiar e vender as súas plantas. Calquera restrición deses dereitos é contraria aos obxectivos do tratado. Ademais, este tratado debe prohibir calquera dereito de propiedade intelectual ou doutra caste que limite o acceso á investigación, á conservación, á capacitación para a alimentación e a agricultura e aos recursos fitoxenéticos (sexan partes, trazos nativos ou calquera compoñente xenética destes recursos)*”.

Mocidade labrega e territorio na era da sexta extinción

por Daniel Rodicio

Falamos moito de como van ter que ser as explotacións agrícolas e gandeiras do século XXI. Falamos tamén das aldeas e de quen habita hoxe o medio rural, e facemos fincapé no envellecemento e no despoboamento. Pero en Galiza inda se fala pouco de xestión integral e sostibilidade do territorio, de planificación territorial e urbanística ou do patrimonio cultural e natural. Como di o catedrático de Xeografía, Augusto Pérez Alberti, *“Galiza é unas das zonas da Unión Europea con maior destrución do entorno”*.

Pero non só iso, senón que a falta de planificación tamén nos transformou nas últimas décadas, dado o caos do urbanismo, nunha das zonas máis desordenadas de Europa, tanto a nivel urbanístico como de territorio.

A xestión da paisaxe e do territorio implica cuestionarnos a política agraria e forestal. O libro *“O pequeno é grande. A agricultura familiar como alternativa: O caso galego”*, dos profesores Xoán Carlos Carreira Pérez e Emilio Carral Vilariño, podería ser unha boa achega para comezar a planificar o territorio agrario deste país e facer paisaxes e explotacións sostibles. A cultura fai paisaxe e a ciencia debe servir ao home. Polo tanto, a agronomía e o estudos forestais

deberían estar orientadas cara á sensibilidade polo mundo forestal e vexetal, adaptándoos aos climas locais e buscando o equilibrio ecolóxico e a integración paisaxística. Así, a planificación agrícola, forestal e paisaxística deberían estar orientadas a satisfacer as necesidades das maiorías sociais e non das multinacionais, como ocorre agora.


Os mozos e mozas deberiamos ter moi en conta todo isto, pois vai determinar o noso futuro e o a de xeracións futuras. A xestión das fontes e dos ma-

nanciais, dos ríos, das ribeiras, dos pastos, das fragas, dos montes, da montaña, dos vales ou das 53 comarcas, van determinar, en boa medida, a nosa calidade de vida e a viabilidade da nosas explotacións.

Vivimos tempos de grandes transformacións económicas, sociais e ecolóxicas. Se xa case ninguén cun mínimo de rigor e ética nega o cambio climático, tampouco son moitas as persoas que negan que este vai ser o século da sexta extinción e, segundo determinados cálculos, entre o 20% e 50% das es-

pecies vivas que existen na Terra desaparecerán.

A mocidade galega en xeral, e a labrega en concreto, deberiamos tomar conciencia do tempo extraordinario que vivimos e de que estamos na obriga de ordenar o territorio dunha maneira sostible e intelixente para que o noso país e un mundo encarnado na deusa Gaia teñan futuro nesta era da sexta extinción. E deberiamos ir tomando conciencia de tecer redes colectivas para comezar con este proceso imprescindible para as maiorías sociais.



ORGANIZACIÓN ▶ Vinte labregas participaron na xornada “Proxectos para o bo trato. Traballando xuntas para avanzar”, encamiñada pola facilitadora Tareixa Ledo

A Secretaría das Mulleres marca rotas de traballo cun obradoiro no Pazo de Liñares

Tentará levar actividades e organizar xuntanzas en diversas comarcas para enfrontar o illamento de boa parte do rural

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego celebrou, o pasado 27 de maio, un obradoiro baixo o título “Proxectos para o bo trato. Traballando xuntas para avanzar”, encamiñado pola compañeira e facilitadora Tareixa Ledo. O lugar elixido para levar a cabo a actividade foi o Pazo de Liñares, en Lalín (Pontevedra).

Segundo relata a responsable da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro, «xuntámonos vinte mulleres labregas de diferentes zonas do país para participar neste obradoiro, que tivo varias partes. A primeira consistiu en analizar e contextualizar o bo trato e, desta maneira, poñer de manifesto tamén o mal trato. E fixémoslo pescudando nas súas dimensións social, relacional e interna, descubriendo como



Unha vintena de mulleres participaron no obradoiro celebrado no Pazo de Liñares

todas estas facetas reflicten a propia evolución do mundo patriarcal e globalizado e modelan o noso xeito de afrontar a vida. Nunha segunda parte fixemos un traballo por grupos sobre “Que quero e que non quero”, e fixémoslo como persoas individuais, pero tamén como colectivo, xa

que todas as participantes formamos parte da Secretaría das Mulleres.

«Trala mañá, xantamos no propio Pazo de Liñares, con alimentos da bisbarra, algúns traídos por labregas e compañeiras. Xa pola tarde traballamos no ámbito colectivo, como Secre-

taría das Mulleres e buscando respostas para preguntas como Que nos gustaría traballar? Calles serán os nosos seguintes obxectivos? Que camiños andaremos? E velaí que foron xurdindo moitas ideas: a necesidade como mulleres de termos espazos propios e de xuntarnos para ver nos, compartir inquedanzas, etcétera.

«Tamén destacamos a importancia de organizar, entre todas, actividades e xuntanzas nas diversas comarcas, xa que hai zonas onde está habendo moito despoboamento e as mulleres quedan moitas veces illadas; ou a necesidade que temos como persoas e como mulleres de ter o noso tempo propio para relaxarnos, para falar e tamén para compartir. E todo isto enmarcado cun denominador común que xurdiu continuamente durante a xornada: o empoderamento das mulleres e a necesidade de ir camiñando cara a independencia, sobre todo económica e de dereitos profesionais».

O SLG solidarízase coa flota do cerco apoiando unha marcha reivindicativa de mulleres mariñeiras

O pasado 13 de maio, unha comitiva de mulleres do Sindicato Labrego Galego apoiou a marcha reivindicativa que realizaron as Mulleres do Cerco de Pontevedra a Compostela, seguindo a coñecida como “ruta espiritual” do Camiño de Santiago.

Con este xesto, o Sindicato Labrego Galego quixo solidarizarse coas familias cuxa vida depende da actividade económica da flota do cerco, fundamental

-como a agricultura e a gandería- para a soberanía alimentaria de Galiza. Do mesmo xeito que ten acontecido con sectores coma o lácteo, no que durante moitos anos se nos condenou a producir moi por baixo da nosa capacidade a causa dunha inxusta distribución das cotas cando o Estado Español entrou na Comunidade Económica Europea; agora, pretenden impoñer un reparto das capturas de peixe que beneficia a unha mi-



A responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro (no centro, con camiseta lila) camiñou xunto ás mulleres mariñeiras na primeira etapa da marcha

noría de buques a costa de arruinar a maioría das familias

que teñen na flota do cerco o seu medio de vida.

Horarios e calendario de verán das oficinas do SLG

Durante o verán, varios locais do SLG modificarán o seu horario ou pechan. De seguido, enumeramos os cambios e facilitamos locais alternativos e teléfonos para tratar temas urxentes:

- ✓ **Moeche, As Pontes e Monfero:** Suspéndese a atención semanal durante o mes de agosto. Contacto: local de Betanzos 981 773 377.
- ✓ **Carballo:** Suspéndese a atención durante o mes de agosto. Contacto: local de Ordes 981 682 908.
- ✓ **Monforte:** Suspéndese a atención durante o mes de agosto. Contacto: local de Chantada 982 440 804.
- ✓ **Chantada:** Pecha durante a primeira quincena de agosto.
- ✓ **A Estrada:** Pecha do 1 ao 5 de agosto. Contacto: local de Lalín no 986 792 268. Recordade que o novo enderezo é Avda. Santiago 74, baixo.
- ✓ **Lalín:** Pecha do 22 de agosto ao 9 de setembro. Contacto: local da Estrada 986 573 232.
- ✓ **A Fonsagrada, Becerreá e Sarria:** Suspéndese a atención do 15 de

xullo ao 31 de agosto. Contacto: local de Lugo 982 231 154. En Sarria, a partires de setembro, atenderase no Bar El Parisiene, na Rúa Calvo Sotelo 180.

- ✓ **Ribadavia e Valdeorras:** Pechan en Agosto. Contacto: Xosé Manuel Parente 630 970 131.
- ✓ **Melide:** Suspéndese a atención do 16 de agosto ao 16 de setembro. Contacto: local de Arzúa no teléfono 981 508 177.
- ✓ **Arzúa:** Pecha do 15 ao 26 de agosto. Contacto: local de Compostela 981 588 532. O avogado suspende a atención durante o mes de agosto.
- ✓ **Santa Comba e Muxía:** Suspéndese a atención en agosto. Contacto: local de Compostela 981 588 532.
- ✓ **Compostela:** O avogado suspende a atención durante o mes de agosto.
- ✓ **Vilalba e Meira:** O local de Vilalba pecha do 1 ao 31 de agosto e o de Meira do 15 de agosto ao 15 de setembro. Contacto nos tfnos. 659 985 308 (Marga) e 679 192 000 (Andrés).

Axudas para o establecemento de sistemas agroforestais

Poderán ser beneficiarias destas axudas as sociedades de fomento forestal, propietarios/as particulares de forma individual, sociedades ou agrupacións de propietarios/as particulares legalmente constituídas, cooperativas agrarias, proindivisos, varas, abertais, voces, vocerío e fabeo, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas ou as comu-

nidades de montes veciñais en man común (CMVMC). As actuacións que poderán ser obxecto de subvención son as seguintes:

- Gastos de plantación forestal:
- Primas de mantemento.
- Infraestruturas de acompañamento, obras complementarias e cartel das plantacións.

O prazo remata o **27 de xullo**.

Axudas para obter avais en préstamos para granxas

Estas axudas financian até o 100% do custo dos avais concedidos pola Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) a explotacións agrícolas e gandeiras de calquera sector para novos préstamos de ata 5 anos, cun ano de carencia e 40.000 euros por beneficiario/a. O

prazo poderá acadar os 10 anos, tamén cun ano de carencia, e 80.000 euros por beneficiario/a no caso de explotacións lácteas, porcinas, cunícolas ou hortofrutícolas cando o crédito estea adicado maioritariamente a refinarar débeda. O prazo de solicitude remata o **20 de setembro**.

Período oficial de máximo risco de incendios

A Xunta declarou como época de perigo alto de incendios forestais en

2016 as datas comprendidas entre o 1 de xullo e o 30 de setembro.

Axudas a pequenas e medianas granxas de cría de coellos

Axudas ás pequenas e medianas explotacións dedicadas á cunicultura en Galicia coa finalidade de conseguir o seu adecuado desenvolvemento.

Están dirixidas a calquera persoa física ou xurídica, incluídas as sociedades cooperativas e as sociedades agrarias de transformación (SAT), que sexa titular dunha explotación cunícola situada en Galicia.

A Consellaría de Medio Rural aprobou un orzamento de 250.000 € para cubrir esta liña de subvencións. As axudas consisten nuns cartos que se asignarán á granxa solicitante en base ao seu censo de animais do ano 2015, tendo en conta os seguintes criterios:

- ▶ A un primeiro tramo, de entre 0 e 300 unidades declaradas no censo de femias reprodutoras, asignaráselle proporcionalmente o

70% da contía total da subvención cun máximo de 3 euros por femia.

▶ A un segundo tramo, de entre 301 e 500 unidades declaradas no censo de femias reprodutoras, asignaráselle proporcionalmente o 90% da contía total da subvención, unha vez descontada a parte atribuída ao tramo anterior. O máximo por unidade neste tramo establececese en 2 euros por femia.

▶ A un último tramo, de máis de 501 unidades declaradas no censo de femias reprodutoras, repartiráselle proporcionalmente a contía restante ata acadar o 100% da subvención.

En todo caso, o límite de axuda por explotación establécese nun máximo de 15.000 euros.

O prazo para realizar a solicitude remata o **17 de xullo**.

Revisións médicas gratuítas para persoas afiliadas ao SLG

O Sindicato Labrego Galego, no marco do convenio de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), vén de dar comezo á campaña 2015 de recoñecementos médicos gratuítos para labregos e labregas, que se levarán a cabo nos centros provinciais do ISSGA. Estes recoñecementos médicos estruturaranse do seguinte xeito:

- ✓ Anamnese e historia clínica individualizada do traballador ou traballadora.
- ✓ Historia laboral.
- ✓ Exploración física específica.
- ✓ Estudos complementarios:
- ✓ Control-visión.
- ✓ Tonometría.
- ✓ Probas de funcionalismo pulmonar.
- ✓ Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea.
- ✓ Impedanciometría.

✓ Electrocardiograma.

✓ Análise clínica: Bioquímica, hematoloxía e fórmula leucocitaria, velocidade de sedimentación, reacción antibrucela, PSA, análise de ouriños.

✓ Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico.

✓ Elaboración e envío do informe médico coa impresión diagnóstica.

✓ Recomendacións.

Para mais información e para concretar a participación nos recoñecementos debes dirixirte ao teu local do SLG, onde se formalizará a solicitude e se especificará a documentación que debes achegar.

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**

Axudas para comunidades de usuarios de augas, asociacións veciñais ou mulleres rurais

Subvencións para asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais.

As axudas financiarán obras e equipamentos en inmoables da súa titularidade ou sobre os que teñan dereito de uso, camiños veciñais e traídas de augas veciñais.

O prazo remata o **27 de xullo**.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Autocargador-picador Campeva RCP-2000. Sistema de carga con rotor. Todo hidráulico. Documentación e ITV ao día. Zona de Guntín (Lugo).
☎646 272 199

Véndese

-Empacadora Massey-Ferguson
☎636 154 317

Véndese

-Sala de muxido Fullwood de 8 puntos. En bo estado.
-Desensiladora BVL en moi bo estado.
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Tanque Alfa Laval de 520 l. En perfecto estado.
☎629 324 129

Véndese

-Rotativa Kuhn GMD-355 Select E con 2'5 m. de corte e 5 pratos.
-Rotativa Fella SM 208 con 2'5 m. de corte.
☎669 046 856 (Luís)

Véndese

-Cabras novas.
-Cabras e ovelas parideiras. En Oza dos Ríos (A Coruña).
☎670 895 789

Véndese

-Cepilladora en bo estado.
☎617 946 582

Véndese

-Rolos de herba seca. Chamar de 13:00 a 16:00 h.
☎982 526 108

Véndese

-Autocargador rotativo.
☎679 811 367

Véndese

-Granxa de tenreiros con finca pechada e dereitos de pagamento básico. En Couso de Limia (Sandiás). Por xubilación.
☎600 883 215

Véndese

-Arado de vertedeira marca Gómez.
-3 vertedeiras con volteo hidráulico de 16" con tapa de rastrollos.
☎650 019 275 (Xosé Antonio)

Véndese

-Cisterna hidráulica de 4.000 litros, en Olas (Mesía).
☎981 694 242

Véndese

-Viño branco do Rosal.
-Augardente branca.
-Augardente de herbas.
-Licor café.
-Licor de cilantro.
-Licor de limón.
☎678 085 696

Véndese

-Sala de muxido trifásica Gascoigne-Melotte de 6 puntos e 6 pulsadores electrónicos con lavado automático. Por xubilación.
☎981 695 542 / 648118865

Véndese

-Xovencas próximas ao parto.
-Vacas de leite. En Monfero.
☎650 418 563

Alúgase

-Arado Riper para facer regos de plantacións.
☎659 993 345 (Xoán)

Véndese

-Xato de raza Rubia Galega.
-Citroën C4.
-Quad. Zona do Corgo (Lugo).
☎689 752 400 / 690 295 681

Véndese

-Boi Limousin de 3 anos. En Lugo.
☎649 147 614

Véndese

-Becerras Limousin.
☎685 884 257

Véndese

-Touro raza Blonde de 7 anos. Moi manso. Preguntar por Xabier.
☎600 830 624

Véndese

-Esparexedor de esterco novo, a estrear. Na zona de Becerreá.
☎982 151 767 / 678 178 826

Véndese

-Tractores Deutz 150, Same 110, Renault 110/54
-Emboladora.
-Plastificadora.
-Estendedor seminovo.
-Audi 80.
☎606 616 139 (Deza)

Véndese

-Remolque para transporte do gando de 1'9 m. de longo e 1'20 m. de ancho.
☎628 579 310

Véndese

-Xovencas preñadas ou paridas con carta xenealóxica e as garantías sanitarias da ADS de Mesía.
-Herba para ensilar ou secar de raigrás italiano.
☎659 927 961

Véndese

-Viño do país e Barrantes.
-Augardente.
☎986 689 486

Véndese

-Xovenca preñada de raza Rubia Galega de 20 meses.
☎660 136 414

Véndese

-Moto Aprilia RS de 50 cc
☎649 816 773

Véndese

-Centeo, en fariña e en gran. Envíos a toda Galiza.
☎686 783 800

Véndese

-Rulos de silo de herba en Cardama (Oroso).
☎981 695 810

Véndese

-Porcos cebados e criados en liberdade.
-Noces ecolóxicas.
-Viño de colleita propia da Ribeira Sacra.
Zona de Chantada.
☎657 805 731

Véndese

-Desensiladora BVL de dobre coitela.
-Grada de discos de 16 discos 24 pulgadas. Ambas en perfecto estado. Zona de Friol.
☎630 561 310

Véndese

-Coitela-nivelador de 4 posicións e cazo de 1'50 para pincho hidráulico.
☎649 147 614

Véndese

-Xovencas próximas ao parto, con carta e controles da ADS. Na zona de Chantada.
☎699 638 399

Véndese

-Segadora BCS con documentación.
-Autocargador con documentación.
-Esparexedor de herba PZ.
-Tractor Ebro 470 con dirección e dobre embrague.
-Rodas de tractor 16/ 9 / 30.
-Tractor con dobre tracción, 80 CV.
☎667 469 962

Véndese

-Vacas de carne por peche de explotación. De raza Rubia Galega marcadas por Acruga e algunha cruzada. Na zona de Meira (Lugo).
☎679 273 060

Véndese

-Cisterna de 3.000 litros, apertura hidráulica, depresor novo. Na zona de Castro de Ribeiros de Lea (Lugo).
☎982 310 270 / 680 483 987

Véndese

-Herba seca de boa calidade en Castro de rei.
☎659 643 489

Véndese

-Rotoempacadora CCGSS 340.
-Fresadora Agri de 2'30 m. Semiforestal.
-Sulfatadora Aguirre de 400 litros con barra de 10 m.
☎981 418 423 / 686 666 032 (Antonio)

Véndese

-Mastín de 2 meses.
☎670 895 789

Véndese

-Tanque de leite de 450 litros.
-Arado de 2 regos para patatas.
☎659 993 345

Véndese

-Rolos de silo e herba seca.
☎610 472 095 / 982 505 798

Véndese

-Rolos de herba seca de boa calidade. En Cospeito (Lugo).
☎982 505 755

EMPREGO

Precísase

-Persoa para traballar nunha explotación de vacún leite.
☎981 196 861 / 608 895 684

Precísase

-Persoa para traballar nunha explotación de leite en Visan-toña (Mesía, A Coruña).
☎607 671 058 / 981 694 294

Ofrécese

-Persoa con experiencia para traballar en explotacións na zona do Deza.
☎615 584 927 (Viqui)

Ofrécese

-Traballador como peón agrícola para traballar na comarca de Ordes. Ten todos os carnés de conducir, de aplicador de produtos fitosanitarios e de benestar animal.
☎981 692 799



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

TELÉFONO DE EMERXENCIA
PARA CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES



016

Chamada gratuíta e secreta
(non se rexistra no recibo)

Non permitas que
te maltraten!



PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES



CURSOS DE FORMACIÓN NO SLG

OFERTA FORMATIVA

- Agricultura ecolóxica.
- Gandaría ecolóxica.
- Agricultura rexenerativa.
- Viticultura.
- Introdución á Biodinámica
- Transformación de produtos agrarios (lácteos, hortalizas, froitas...)
- Apicultura.
- Extracción de sementes.
- Prevención de riscos laborais.
- Benestar animal.
- Plantas medicinais.
- Recuperación e manexo de froiteiras autóctonas.
- Xestión forestal sostible.
- Comercialización de produtos agrícolas.
- Curso de incorporación de mozas e mozos á actividade agraria.
- Formación en materia de igualdade da Secretaría das Mulleres do SLG.

Se che interesan os nosos cursos,
pide máis información ou inscríbete
na túa oficina comarcal do SLG.

Comezamos en setembro!!!